

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 17

SESION ORDINARIA DO 31 DE OUTUBRO DE 2012
(CONTINUACIÓN SESIÓN 29.10.12)

ASISTENTES

POLO GRUPO MPAL. DO PSdeG-PSOE

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Díaz Vázquez, Raquel
Fernández Pérez, José Manuel
Lago Rey, M^a Jesús
López Font, Carlos
Regades Fernández, David
Rivas González, Angel
Rodríguez Díaz, Santos H.
Rodríguez Escudero, Cayetano

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier
Domínguez Olveira, Santiago
Veloso Ríos, Iolanda M^a

POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO
POPULAR

Alonso Alonso, Alexia María
Álvarez Pérez, José Luís
Araújo Pereira, Marcos
Beiro Diz, Pablo
Bernárdez de Dios, Antonio
Cendón Alonso, M^a Teresa
Egerique Mosquera, Teresa
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José M.
García Míguez, M^a Angeles
Iglesias Bueno, Marta
Pérez Dávila, Alejandro
Relova Quinteiro, Roberto F.

NON ASISTE:

Silva Rego, M^a Carmen

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás oito horas e trinta e cinco minutos do día trinta e un de outubro do ano dous mil doce, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Alonso, Alonso Pérez, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Lago Rey, López Font, Pérez Dávila, Regades Fernández, Relova Quinteiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e

Veloso Ríos, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está ausente a concelleira Sra. Silva Rego. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Luis García Álvarez.

A PRESIDENCIA: Bos días señores e señoras concelleiros. Iniciamos o Pleno do Concello continuación do que se tivo que suspender o día 29 do mes que andamos, sesión ordinaria correspondente a outubro. Abrimos sesión pública e constátase quorum.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Cuestión de orde. Por que non hai público na sala? Hai algunha medida específica abaixo?

A PRESIDENCIA: Tomáronse as medidas que se toman sempre nestes casos.

5.- Mocións:

5.2.-(221) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AO GOBERNO DO ESTADO E Á XUNTA A ADOPCIÓN DE MEDIDAS PARA A MODIFICACIÓN DO ART. 105 DA LEI HIPOTECARIA E O 693 DA LEI DE AXUIZAMENTO CIVIL. EXPTE. 472/1101

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 21 de maio, número 472/1101, o concelleiro do Grupo municipal Socialista, Sr. Rodríguez Díaz, formula a seguinte moción:

“A actual conxuntura económica e algunhas reformas do goberno do Partido Popular, como a reforma laboral, xerou a aparición de situacións familiares que non se poden tolerar nun Estado social e democrático: o desafiuzamento da propia vivenda habitual por unha situación sobrevida de falta de recursos económicos.

Esta circunstancia esténdese, nalgúns casos, a persoas do contorno familiar máis próximo -pais, irmáns, avós- que actuaron como avalistas nas operacións realizadas polos membros da súa familia.

A situación é, se cabe, aínda máis grave se temos en conta que a maioría das hipotecas foron negociadas na fase de bonanza económica do período 2004-2007, que precedeu á crise mundial iniciada en 2008 e na que era pouco probable un escenario de recesión como o que temos actualmente. Ademais, as condicións favorables sobre a contía e prazos negociados no seu día substituíronse por ríxidos condicionantes aplicados unilateralmente polas entidades bancarias.

A solución do Ministro Guindos e do Partido Popular foi a de aprobar un “Código de Conduta” para que as entidades bancarias se adheriran voluntariamente, sen establecer expresamente a obriga do facer naqueles casos nos que o propietario da vivenda acreditase a súa insolvencia sobrevida.

A inutilidade desta medida ponse de manifesto nos seus resultados pois apenas supuxo un 5% do total de execucións hipotecarias que, segundo datos do Consello Xeral do Poder Xudicial derivados dos procesos por desafuzamento presentados nos xulgados, realizáronse máis de 350.000 desafuzamentos xudiciais en tres anos en toda España. Na Comunidade Autónoma de Galicia alcanzamos os 2.000 procedementos deste tipo no ano 2011 e deles 460 só no último trimestre dese ano.

Polo dito anteriormente, solicítase ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Instar a que os gobernos con competencias na materia e titulares de iniciativa legislativa -gobierno de España e Xunta de Galicia- adopten as seguintes medidas:

1.- Que se modifique o artigo 105 da Lei Hipotecaria para engadir un novo parágrafo que sinale o seguinte:

“Nos supostos de insolvencia sobrevida e de boa fe, como a derivada dunha situación de desemprego do debedor hipotecario, a dación en pago da vivenda habitual extinguirá a responsabilidade patrimonial”.

2.- Que se modifique a Lei de Axuizamento Civil para engadir un novo parágrafo 4 ao artigo 693 que sinale o seguinte:

“Se o ben executado fose a vivenda habitual, o debedor poderá comparecer con anterioridade á realización da poxa solicitando a dación en pago do inmovible hipotecado como garantía da débeda. Neste caso o Tribunal ditará resolución autorizando a entrega e acordando a adxudicación do inmovible ao executante en pago do total da débeda garantida, extinguíndose a mesma xunto cos intereses e costas”.

A comisión informativa de Política Social, Cultura e Deportes, na súa sesión de 21

de maio ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- A PRESIDENCIA: Continuamos o debate no punto en que quedamos cando o Pleno do 29 suspendeuse. Estaba no uso da palabra o Sr. Álvarez Pérez do Grupo Popular. Ten un tempo de tres minutos.

SR. ÁLVAREZ PÉREZ: Como comentamos o pasado luns, o modelo de protección aplicado polo PP xira en torno ao código de boas prácticas, xa se adheriron a el o 93% das entidades hipotecarias e unha vez que se adheriron o seu cumprimento é obrigatorio.

Ten tres actuacións básicas: o refinanciamento da débeda, redución de tipos alongando o prazo con catro anos de carencia; unha quita aproximada da débeda dun 25% e en terceiro lugar a dación en pagamento e o aluguer social. Para nós é prioritario intervir para que en primeiro lugar non se perda a vivenda ou que non se teña que abandonar a vivenda, que non se chegue á execución hipotecaria.

Non nos quedamos na dación en pagamento. Coa súa proposta a xente segue perdendo a vivenda. Dende o Partido Popular consideramos que coa súa moción non se consegue que as familias non teñan que entregar a súa vivenda. Vostedes deberían saber que non se pode incluír no artigo 105 un parágrafo no que non se define o que é insolvencia sobrevida, sobre todo cando este punto xa está recollido no código de boas prácticas, no punto 3 do anexo do Real decreto lei 6/2012.

Ao igual que a modificación do artigo 693 tal coma o propoñen, está recollida no código de boas prácticas. Aconsellaríalle que á hora de presentar mocións se documente un pouco máis. Por certo, esquecéuselle modificar a redacción ao artigo 79 da Lei de Axuizamento civil, engadir o 675 bis para paralizar os desafiuzamentos, fomentar o aluguer social e por suposto comentar a retroactividade da medida, senón esta moción non tería ningún sentido.

Estamos a carón da xente que ten problemas. Vostedes estiveron dándolles as cotas todos estes anos, pero non se preocupe que para iso estamos nós. Coa nosa emenda á totalidade, pero que estamos dispostos a negociar na procura do ben común de todos os afectados, o que pretendemos é, en primeiro lugar, modificar o artigo 105 da Lei Hipotecaria eliminando a liña “e non alterará a responsabilidade persoal ilimitada do debedor...”, non facendo remisión ao artigo 1911 do Código

Civil. Obrigatoriedade de adherirse ao Código de Boas Prácticas para todas as entidades nacionalizadas. Ampliación do albor de exclusión do Código de Boas Prácticas para frear así de forma efectiva as execucións hipotecarias. Ampliación dos prezos de adquisición das vivendas que ven recollido no Código de Boas Prácticas.

Como ven a nosa proposta é coherente e moito máis completa, vai máis aló da dación en pagamento porque busca o aluguer social, busca eliminar a exclusión social á que se ven sometidas todas as persoas que non poden facer fronte á súa hipoteca. En primeiro lugar que non se perda a vivenda e logo que non se teña que abandonar.

SR. LÓPEZ FONT: Sr. Álvarez, viñéronlle ben estes dous días para reflexionar sobre o discurso que fixo o luns pasado. O luns pasado adicouse a contestar ao Sr. Font, ao que non tiña feito non sei quen, e a min non me ten que contestar nin ten que me falar de Solbes nin de Aznar nin do que se fixo ou non se fixo. Ao que ten que contestar é ao que se expón, ás 400.000 familias que hai en toda España que teñen este problema e vostedes, concelleiros do Partido Popular de Vigo, teñen que dicir se están de acordo coa dación en pagamento e co aluguer social.

E algo que se lle esqueceu en toda esta batería tan legalista e con visos de ser unha clase de dereito civil, esquecéuselle de aquilo que a Xunta de Galicia está a facer coa familias de Navia que é quitarlles a subvención que lles outorgara anteriormente por cinco anos, que lla van denegar nos cinco próximos e que son unhas cantidades moi importantes para eles.

Estamos a falar disto, Sr. Álvarez, estamos a falar non do pasado, senón de que vostedes gobernan dende o día 20 novembro do ano pasado e están para solucionar os problemas dos cidadáns, non para botar a culpa aos anteriores porque para iso non serve gobernar.

Eu non sei se van votar a favor ou en contra, pero xa lle digo que non aceptamos a emenda que vostede fai porque o código de boas prácticas é un completo fracaso. Parece mentira que traia vostede aquí as vontades e as grandes aptitudes do código de boas prácticas se as familias seguen a ser desafiuzadas, se os bancos non están a dar a solución do aluguer e, sobre todo, se vostedes por riba non teñen vontade política para manter as subvencións aos cidadáns.

O que teñen vostedes que votar agora é responder aos cidadáns e que, para aquel que non pode pagar na hipoteca, no artigo 105 se engada que se establece a dación en pagamento, iso é o que teñen que dicir vostedes, se están a favor do aluguer social e se vostedes aquí, tal como fixemos nós na nosa emenda de adición que por suposto mantemos, instan á Xunta de Galicia a manter esas subvencións que estaban dando anteriormente.

Sobre isto, Sr. Álvarez, é sobre o que hai que tomar posición. A redacción presentada poderá ter mellor ou peor estilo legal pero aquí estamos para manifestar a vontade política, non para facer un texto legal que seguro que o farán moi ben no Congreso, entre os seus parlamentarios e máis os nosos, pero o que teñen vostedes que dicir aquí é si á solución do problema que teñen os cidadáns. No mirar ao pasado porque gobernan hoxe, Sr. Álvarez, e aínda non se decataron.

Emenda presentada polo voceiro do Grupo municipal Socialista, Sr. López Font, mediante escrito de data 29.10.2012:

Engadir na parte dispositiva da moción os seguintes apartados:

“- Cando a dación en pago se refira a persoas en precaria situación económica, como consecuencia de desemprego ou outras causas, recoméndase que se deixe a vivenda aos titulares en aluguer por un prezo social.

- Ínstase á Xunta de Galicia a seguir mantendo os subsidios para afrontar hipotecas de vivendas sociais”.

Emenda de substitución de acordo presentada polo concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Álvarez Pérez:

“1.- Modificar o artigo 105 da Lei hipotecaria, eliminando a liña “e non alterará a responsabilidade persoal ilimitada do debedor...”, non facendo remisión ao artigo 1911 do Código Civil.

2.- Obrigatoriedade de adherirse ao Código de Boas Prácticas para todas as entidades nacionalizadas.

3.- Ampliación do albor de exclusión do Código de Boas Prácticas para frear así de forma efectiva as execucións hipotecarias.

4.- Ampliación dos prezos de adquisición das vivendas suxeitas á entrada no Código de Boas Prácticas.

Primeiro busca que non se perda a vivenda e despois que non se teña que abandonar”.

O relator da moción, Sr. Rodríguez Díaz, rexeita a anterior emenda presentada polo concelleiro do Grupo municipal Popular, polo que a Alcaldía-Presidencia non a somete a votación.

Coa conformidade do relator, a Presidencia somete a votación a emenda formulada polo Sr. López Font.

(Nas votacións está ausente a Sra. Silva Rego do Grupo municipal Socialista)

VOTACIÓN DA EMENDA PRESENTADA POLO CONCELEIRO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, SR. LÓPEZ FONT: Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, prodúcese empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectúase unha nova votación. Ao se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade, aprobándose a emenda presentada polo voceiro do Grupo municipal Socialista, Sr. López Font, co texto transcrito anteriormente incorporándoa á parte dispositiva deste acordo.

VOTACIÓN E ACORDO: Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece abstencións dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno,

Pérez Dávila e Relova Quinteiro,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Instar a que os gobernos con competencias na materia e titulares de iniciativa lexislativa -gobierno de España e Xunta de Galicia- adopten as seguintes medidas:

1.- Que se modifique o artigo 105 da Lei Hipotecaria para engadir un novo parágrafo que sinale o seguinte:

“Nos supostos de insolvencia sobrevida e de boa fe, como a derivada dunha situación de desemprego do debedor hipotecario, a dación en pago da vivenda habitual extinguirá a responsabilidade patrimonial”.

2.- Que se modifique a Lei de Axuizamento Civil para engadir un novo parágrafo 4 ao artigo 693 que sinale o seguinte:

“Se o ben executado fose a vivenda habitual, o debedor poderá comparecer con anterioridade á realización da poxa solicitando a dación en pago do inmovible hipotecado como garantía da débeda. Neste caso o Tribunal ditará resolución autorizando a entrega e acordando a adxudicación do inmovible ao executante en pago do total da débeda garantida, extinguíndose a mesma xunto cos intereses e costas”.

Segundo.- Cando a dación en pago se refira a persoas en precaria situación económica, como consecuencia de desemprego ou outras causas, recoméndase que se deixe a vivenda aos titulares en aluguer por un prezo social.

Terceiro.- Ínstase á Xunta de Galicia a seguir mantendo os subsidios para afrontar hipotecas de vivendas sociais.

5.3.-(222) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A SUBVENCIONAR AS ACTIVIDADES MUSICAIS DE VIGO NA MESMA CONTÍA QUE A REAL FILHARMONÍA E A ORQUESTRA SINFÓNICA DE GALICIA. EXPTE. 532/1101

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 19 de setembro, número 532/1101, a concelleira do Grupo municipal Socialista, Sra. Abelairas Rodríguez, formula a seguinte moción:

“Unha vez máis a cidade de Vigo, vese marxitada polas políticas partidistas do Goberno da Xunta. Un claro exemplo desta vez é a programación da Orquestra Sinfónica e Real Filharmonía de Galicia que, contando cun presuposto de arredor de catro millóns de euros, financiado en parte substantiva polo Goberno de todos os galegos, adica a cantidade irrisoria de dous concertos na nosa cidade, dos 76 que teñen programados. Pola contra a cidade de Santiago, contará con 26 actuacións pola parte da Real Filharmonía e máis de 50 pola Orquestra Sinfónica.

Os vigueses, como sempre, son os principais prexudicados das políticas que ven acometendo o Goberno de Feijóo. O que debería ser un goberno para todos os galegos, só consegue discriminar aos veciños desta cidade, neste caso culturalmente.

Polo dito anteriormente, solicítase ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Instar á Xunta de Galicia para que subvencione a actividade musical de Vigo na mesma contía que o fai coa Real Filharmonía de Galicia e a Orquestra Sinfónica de Galicia.”

A comisión informativa de Política Social, Cultura e Deportes, na súa sesión do 22 de outubro, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Aínda que parece un tema recorrente, unha ás veces se pregunta que está a pasar coa cultura en Galicia e que é o que pretende facer coa cidade de Vigo o Partido Popular. Cando unha se atopa que, malia recibir unha cuantiosa subvención de catro millóns e medio de euros anuais da Xunta de Galicia para a Real Filharmonía de Galicia e a Orquestra Sinfónica de Galicia, dos setenta e dous concertos que teñen programados para Vigo hai dous.

A Real Filharmonía de Galicia con sede en Santiago protagoniza os recitais do auditorio de Santiago e en Vigo ningún. A Orquestra Sinfónica de Galicia ten programadas as actuacións e en Vigo unha.

A pregunta é se van seguir vostedes apertando aos cidadáns de Vigo porque non é o Concello de Vigo, non é o goberno de Vigo; son os cidadáns de Vigo aos que vostedes estanlles privando de asistir a espectáculos de calidade.

Se estamos a falar de dúas orquestras que están subvencionadas cos cartos de todos os cidadáns de Galicia, tamén dos 300.000 cidadáns de Vigo, non entendemos por que esa discriminación. Coido que deberían volver pensar un

pouco a súa política cultural porque detrás dunha actividade cultural está a xente que come, que pensa, que se forma. Pretenden vostedes acabar co pensamento e coa liberdade das persoas. Explíquenme vostedes cal é razón pola que discriminan aos cidadáns vigueses.

Por iso lles instamos a que subvencionen a actividade musical de Vigo na mesma contía coa que subvencionan á Real Filharmonía de Galicia e á Orquestra Sinfónica de Galicia.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Estamos a falar de algo que ten que ver coa cultura e sempre dixemos e así acreditamos que a cultura nun pobo, nunha cidade, nun país, debe ser unha ferramenta esencial, sobre todo para a cohesión e para a transformación social. Isto é bo que o teñamos en conta. Ademais un modelo cultural que ten que ser sempre integral e estratéxico.

É fundamental que dende as administracións se dea un apoio especializado aos distintos sectores culturais de cara a que eses sectores poidan ir camiñando cara unha profesionalización, pero tamén de cara a que aqueles sectores non profesionais que practican, que realizan unha cultura dinámica, poidan tamén ter acceso a esa transformación.

Pois nin o Partido Popular nin o Partido Socialista, polo que aquí estamos a ver, teñen en absoluto esa dimensión da cultura. Estase utilizando constantemente á cultura non para transformar socialmente un país, nin para que ese país teña máis peso de identificación ou en definitiva máis peso cultural, senón que se utiliza tamén á cultura para as leas políticas.

Un exemplo diso témolo nesta cidade, Sra. Concelleira. Está moi ben que vostedes se preocupe porque a Real Filharmonía de Galicia e a Real Orquestra actúen en Vigo, cousa na que estamos completamente de acordo, pero ben faría tamén en non deixar de man aos seus primeiros cometidos nun goberno local porque seguimos sen escoitar nin unha soa noticia do que pasa co famoso plan cultural para este Concello. Seguimos sen saber que quere facer o goberno municipal para a cultura desta cidade e seguimos sen ver promocionadas e abertas redes de museos na nosa cidade.

Igual que fai o Partido Popular, que segue a gastar millóns nunha obsoleta Cidade da Cultura para memoria e santuario do Sr. Fraga, que en paz descanse, e segue

sen atender a realidades culturais máis prioritarias e inmediatas que ten este país. Sra. Concelleira, dende esta concepción ímoslle dicir que estamos de acordo absoluta e totalmente coa súa proposta. Estamos de acordo en que tanto unha coma a outra orquestra actúen na nosa cidade porque é de xustiza e porque, como vostede ben dixo, a Xunta de Galicia non pode discriminar. Pero tamén lle dicimos que a cultura non é unha poxa e a política municipal ten que ser a defensa dos intereses dunha cidade pero non coma unha poxa.

Nós non imos votar esta moción se non cambia no texto "...a actividade musical de Vigo na mesma contía que fai coa Real Filharmonía de Galicia e a Orquestra Sinfónica de Galicia". Isto non é unha poxa, hai que ser serios. Nós queremos que existan a Real Filharmonía e a Orquestra Sinfónica de Galicia; é máis, estamos de acordo en que a Xunta de Galicia ten que subvencionar estas dúas orquestras porque son tamén sinais de identidade da cultura e da actividade profesional musical deste país, pero non podemos entrar nesa poxa porque evidentemente mañá todas as cidades de Galicia poden pedir o mesmo con todo o dereito, calquera pobo ou calquera cidade.

Unha cousa son os sinais galegos culturais e outra cousa é que eses sinais galegos estean á disposición de todos e todas os galegos e aí si que coincidimos.

Por todo isto formulo unha emenda "*in voce*": nós estamos dispostos a votar esa moción se di que "Instamos á Xunta de Galicia para que subvencione a actividade musical de Vigo nas contías necesarias". Non podemos dicir que a mesma cantidade que subvenciona a unha orquestra vaia para unha cidade, non nos parece ben. Se quere engadirlle ademais instar a que estas dúas actividades musicais veñan máis para a nosa cidade tamén estamos de acordo, pero non se pode entrar no mundo da cultura como nunha poxa

SR. RELOVA QUINTEIRO: Vaime perdoar a Sra. Abelairas que me salte o protocolo e me dirixa ao Sr. Alcalde porque, como vostede o outro día dixo que se abría un melón en termos de horticultura, coido que este melón abriuno o Sr. Alcalde e non había necesidade.

Seguimos na liña habitual do Sr. Alcalde faltando á verdade, aos compromisos e á responsabilidade coa cidadanía. Unha vez máis e a calquera custe quixo enfrontar a institucións de prestixio coa nosa cidade e neste caso institucións de prestixio

internacional, como xa ocorreu coa UNED e agora coa colección da familia Maside. Como dixo a miña compañeira a Sra. Egerique, estamos abocados cara unha cidade triste, deshumanizada e totalmente illada pero o Partido Popular unha vez máis non o vai permitir.

En período pre-electoral o Sr. Alcalde acusou á Xunta de Galicia de discriminar a Vigo cos concertos da Sinfónica de Galicia e da Real Filharmonía. O presidente da Xunta de Galicia, Sr. Núñez Feijóo, anunciou que se programarían dezaseis concertos totalmente gratis organizados polo Concello de Vigo e pagados pola Xunta de Galicia. Historicamente nesta cidade nunca se veu unha temporada de concertos sinfónicos en Vigo. Gratis, vostedes só tería que poñer o lugar.

Aquí ven a gran sorpresa e as malas intencións do noso alcalde. Dende o día 2 de outubro en que se fixo esta oferta ao Concello de Vigo nunca máis se soubo, ninguén lle colle o teléfono ao conselleiro de Cultura e ninguén lle responde aos correos electrónicos. O Concello está *missing*. Co cal está claro que era unha absurda manobra política para enfrontar á cidadanía de Vigo co presidente da Xunta que máis fixo por Vigo en toda a súa historia.

Pero a xogada saíulle mal. O alcalde segue preferindo a cultura do bocadillo, mellor dito, a do pincho de orella. Estamos a falar da Orquestra Sinfónica de Galicia, considerada de forma unánime coma a mellor orquestra de España e unha das máis prestixiosas de Europa; así como da Real Filharmonía que tamén está considerada coma unha orquestra do máis alto nivel e as dúas foron creadas polos seus concellos respectivos, A Coruña e Santiago. As dúas reciben apoio da Xunta de Galicia nun 30% do seu mantemento.

Pero tamén lles vou dar unha noticia que descoñecen: a Sinfónica de Galicia, gracias ao apoio do goberno de Núñez Feijóo, destina a súa axuda ao plano educativo destas orquestras. Dona Raquel Díaz foi testemuña comigo na presentación a semana pasada no Conservatorio Profesional de Vigo da Escola de músicos galego novos na que máis do 30% son de Vigo, a orquestra de nenos e o coro da Sinfónica. É extraordinario o apoio dende o goberno de Núñez Feijóo á educación musical dende as orquestras galegas.

Por outra banda a Real Filharmonía crea a escola de altos estudos musicais, onde máis do 45% do alumnado é vigués e depende exclusivamente da Xunta de Galicia, Xunta que goberna un señor do meu partido, do Partido Popular. En ambas escolas

os músicos novos reciben becas de transporte, manutención, á parte das súas clases individuais, de conxunto e orquestrais. Todo un modelo exemplar que non chegaría ser posible se non fose por un señor do meu partido que se chama Núñez Feijóo.

Vigo si se beneficia das dúas orquestras que están sostidas con fondos dos concellos de Coruña e Santiago. Ademais estas orquestras viven a música de xeito moi intenso. Voulles lembrar unha anécdota: o Sr. Touriño cando tomou posesión como presidente do bipartito na Xunta de Galicia chamou á Real Filharmonía para amenizar a súa toma de posesión e nunca máis volveuse lembrar da Real Filharmonía. Polo menos Ángela Bugallo levounos a La Habana para dar un toque clásico entre mojito e mojito.

Insisto en que a cultura para os socialistas é un puro instrumento de manipulación, esquecendo a súa natureza máis pura no plano da creación e interpretación. A arte é para que a sociedade sexa máis feliz, non para que a torturen con enfrontamentos baleiros e insolidarios.

O outro día unha gran señora do meu partido, dona Esperanza Aguirre, dicía que resistiría moi ben ás hemerotecas. O alcalde de Vigo vainas rebentar, imos escribir unha tese doutoral “As mil e unha fantasías de Abel Caballero e esta noite viguesa” porque de verdade que non entendo que camiños tomou un partido coma o de seu respecto á cultura e ao illamento que vive esta cidade de Vigo.

A PRESIDENCIA: Gracias, Sr. Relova. En todo caso eu si lle teño que dicir que non recibín nin unha soa chamada do conselleiro de Cultura que non tivera sido contestada. Por certo, que non teño ningunha chamada do conselleiro de Cultura nos últimos dous anos. Isto en aras á verdade e por falar de verdades. Se ao que vostede se refería cando dicía que non se responden ás chamadas era á Alcaldía, teño que o retar publicamente a que me diga cando se fixeron esas chamadas e cando se deixaron de contestar e se non dá ese dato quedará vostede coma un mentireiro.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: É difícil, non sei por onde empezar pero seguro que nos imos entender todos.

Sr. Domínguez Olveira de verdade que non lle entendo e coido que ademais

deberíamos termos entendido. Non sei de que fala, por que non lé cando presentamos as programacións? Sinxelamente colla vostede e decátese do que estamos a falar, do que estamos a presentar e seguro que está de acordo coa programación que estamos facendo nos barrios, etc. Estou a falar de cultura, da que estamos a facer en Vigo.

Sinxelamente colla vostede a programación do auditorio municipal, a programación que acabamos de presentar de teatro aficionado, o que estamos a facer na rede de museos, por certo, anuncio que hoxe, neste intre, están entrando a clasificar e a conservar as placas do arquivo Pacheco. Estaban metidas en caixas de zapatos e están conservándoas para logo podelas inventariar. Só para poñer as cousas no seu sitio.

Non entendo que está a dicir vostedes cando saben e son conscientes do que fai só o Concello de Vigo, única e exclusivamente, sen axudas de ningún tipo, sen colaboración ningunha. Non se dan conta de que no MARCO nos deixan sós? De que o Concello de Vigo é a única institución que está no MARCO? Non se dan conta de que na Fundación Laxeiro do ano 2009 con 143.000 euros, estamos agora con 62.000 euros e está só o Concello de Vigo? Non se dan conta do castigo que lle está a dar o Partido Popular á cidadanía de Vigo?

Sr. Relova, é que lle escriben fatal. A Orquestra Sinfónica e a Real Filharmonía, por moito que se crearan no concello de Santiago e no da Coruña, están subvencionadas cos cartos de todos os galegos. Aquí temos a orquestra Vigo 430, pedímoslle exactamente o mesmo porque nós tamén a temos. Non lea, fale, diga o que sente, non o que lle poñen por diante. Vostede será especialista en música pero, que terá que ver a música cos dereitos da cidadanía de Vigo?

A cidadanía de Vigo tamén ten dereito a escoitar á Sinfónica e á Filharmonía, exactamente o mesmo dereito e é o que estamos a defender.

Non conte mentiras, Sr. Relova, porque esta concelleira a petición do alcalde de Vigo si está tentando que os cidadáns vigueses teñan as actuacións que lles corresponden pero non convocamos unha rolda de prensa para contalo.

A PRESIDENCIA: Sr. Olveira, a súa emenda sería “Instar á Xunta de Galicia para que subvencione a actividade musical de Vigo de acordo coas necesidades musicais desta cidade”.

Emenda “in voce” formulada polo voceiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Domínguez Olveira:

Substituír a parte do acordo onde se di “...na mesma contía que fai coa Real Filharmonía de Galicia e a Orquestra Sinfónica de Galicia” polo seguinte texto: “...de acordo coas necesidades musicais desta cidade”.

Coa conformidade do relator, a Presidencia somete a votación a emenda formulada polo voceiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Domínguez Olveira.

(Nas votacións está ausente a Sra. Silva Rego do Grupo municipal Socialista)

VOTACIÓN DA EMENDA FORMULADA POLO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, acórdase aprobar e emenda formulada “in voce” polo voceiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Domínguez Olveira, co texto que se transcribe anteriormente.

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, acórdase instar á Xunta de Galicia para que subvencione a actividade musical de Vigo de acordo coas necesidades musicais desta cidade.

5.4.-(223) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO A DEFENSA NO SEO DO CONSELLO EUROPEO DO MANTEMENTO DO FINANCIAMENTO DO PROGRAMA EUROPEO DE AXUDA ALIMENTARIA. EXPTE. 542/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 18 de setembro, número 542/1101, a concelleira do Grupo municipal Socialista, Sra. Abelairas Rodríguez, formula a seguinte moción:

“A persistencia e profundidade da crise financeira e económica que golpea a

amplas capas da poboación, xunto a unha xestión política por parte do Goberno centrada en recortar os dereitos sociais, transformou as formas da pobreza. Por unha banda incrementouse o número de persoas en situación de vulnerabilidade social ata alcanzar a un de cada catro fogares españois, segundo varios estudos. Por outra, produciuse un cambio no perfil de quen se atopan en situación de pobreza ampliándose a persoas que perderon o seu traballo e xa non poden pagar as facturas.

É evidente que a crise económica afectou máis ás rendas máis baixas e que as políticas de recortes de dereitos en sanidade, educación e política social levadas a cabo polo Partido Popular están contribuíndo a ampliar a desigualdade social. Ante esta dramática situación, faise absolutamente necesario reforzar, por parte das administracións públicas, a atención directa aos cidadáns que se atopan en situación de pobreza ou exclusión social.

Precisamente un dos instrumentos cos que conta o Goberno de España é o Plan de Axuda Alimentaria aos máis necesitados (PEAD), establecido pola Unión Europea e xestionado a través do Fondo Español de Garantía Agrícola (FEGA). Plan que trata de poñer a disposición das persoas necesitadas, de forma gratuíta a través dos Bancos de Alimentos e Cruz Vermella, alimentos básicos de calidade, ben utilizando produtos de intervención, ben acudindo a unha licitación dos mesmos. No ano 2011, os bancos de alimentos repartiron case 107 millóns de quilos de alimentos, dos que o 54% proviñeron do PEAD, achegando o resto empresas colaboradoras relacionadas coa alimentación, produción e distribución.

Recentemente, a Federación Española de Bancos de Alimentos obtivo o Premio Príncipe de Asturias da Concordia 2012 por ser "...expoñente dun esforzo internacional solidario para aliviar algunhas das necesidades máis urxentes da poboación, hoxe agudizadas pola crise económica", segundo sinala a acta do xurado do premio. Por iso, hoxe máis que nunca, o Grupo Municipal Socialista quere recoñecer expresamente o seu labor e trasladar o noso agradecemento a todos os colaboradores e voluntarios polo seu empeño na loita contra a pobreza no noso país.

Pero este extraordinario proxecto de solidariedade europea pode verse truncado para o ano 2013 como consecuencia de presións exercidas no seo do Consello Europeo por parte dalgúns países.

Ante esta situación de incerteza, numerosos representantes da sociedade civil europea, desde autoridades locais a ONGs e outros organismos sociais, expresaron a súa preocupación polo futuro do programa, pedindo unanimemente ás distintas institucións da Unión que atopen unha solución para garantir a súa continuidade.

E por iso, polo que o Grupo Municipal Socialista propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Defender no seo do Consello Europeo e perante as institucións e organismos comunitarios que correspondan, o mantemento do financiamento do Programa Europeo de Axuda alimentaria ás persoas máis necesitadas para o

período 2014-2020.

Segundo.- Reforzar, no seu caso, o financiamento público destinado aos bancos de alimentos a través dos orzamentos xerais do Estado, no marco de políticas de cohesión para a inclusión social e o apoio aos servizos sociais de integración prestados polas administracións públicas e entidades asociativas colaboradoras para a atención dos colectivos afectados.

Terceiro.- Promover un acordo entre o Estado, as organizacións sociais e representantes da industria agroalimentaria que permita un aproveitamento eficiente dos alimentos, como sucede noutros países, evitando a destrución dos mesmos.”

A comisión informativa de Política Social, Cultura e Deportes, na súa sesión do 22 de outubro, ditaminou favorablemente a anterior moción.

A concelleira do Grupo Socialista, Sra. Abelairas Rodríguez, procede a ler o texto da moción que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

DEBATE.- SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Só quero lembrar ao Partido Popular que o Concello de Vigo nos presupostos que están actualmente en vigor aumentou o 700% a achega ao banco de alimentos, dobrou a achega a cada un dos comedores sociais e creou un centro de inclusión social.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Pero ao principio non querían duplicalo, tivo que ser por unha emenda nosa.

Sra. Concelleira estamos totalmente de acordo con esta moción e xa anunciamos que imos votar a favor sen lugar a dúbidas. Xa alá polo mes de xuño do ano pasado eu tiven a oportunidade de reunirme no nome do BNG cos representantes dos bancos de alimentos desta cidade e naquel intre alertábamos e manifestábanos a nosa oposición aos recortes que xa por entón estaba a haber, tanto dende a Xunta de Galicia como da propia Unión Europea no Plan especial de axuda aos necesitados.

Naquel intre estes representantes alertábanos xa cun recorte de máis dun 20%, tanto nun plan especial de axudas aos necesitados a nivel europeo, como da propia Xunta de Galicia.

Estamos absolutamente de acordo con esta moción e imos votar a favor pero non

basta con isto, con traer mocións deste tipo que imos apoiar e que evidentemente serven para paliar as necesidades básicas. Isto chámase beneficencia. Temos que seguir complementándoas, subvencionando ao banco de alimentos pero non basta, hai que ir ao fondo das cousas, ao fondo das causas que están a xerar as miserias e as situacións de fame.

É triste dicilo pero hoxe, en pleno século XXI, están a pasar fame nenos e nenas mesmo desta cidade, están a pasar fame persoas do chamado primeiro mundo cando o de “pasar fame” parecía que era algo única e exclusivamente dos que vivían no terceiro mundo. Familias do noso país e moitos galegos e galegas.

Hai que ir ao fondo destas causas que crearon e das que foron culpables e cómplices os distintos gobernos tanto do PSOE como do PP e iso hai que o criticar, aceptando e claudicando diante das esixencias dos grandes mercados, da gran banca e dos poderes fácticos.

Sra. Abelairas non foi o BNG quen reformou a Constitución para decidir déficit cero e polo tanto non se poder endebedar para acometer a reestruturación das causas que precisamente están a crear o paro e a pobreza. Non foi o BNG quen aprobou esa reforma.

Tampouco foi o BNG, senón que foron o PSOE e o PP quen aprobaron as distintas reformas laborais que foron causa primeira do nivel de desemprego que hoxe temos na nosa cidade. Desemprego, déficit cero... causas que levan a que hoxe hai máis de 15.000 familias na nosa cidade nas que non traballa nin un só membro e iso xera miseria e pobreza.

Estamos de acordo con esta moción pero nos gustaría que o Partido Socialista fose máis alá. Do Partido Popular xa non o esperamos porque están absolutamente de acordo con esta política, quere que haxa pobres para que os poderes fácticos segan a ser máis ricos e iso demostrao na súa actuación diaria e na súa acción de goberno. Pero queremos que o PSOE vaia máis aló, que tamén declare a súa insubmisión e que sexa radicalmente oposto ás políticas neoliberais que son as que están a traer miseria, pobreza, fame e desemprego para a nosa cidade. As políticas que tan ben aplican o Sr. Feijóo e o Sr. Rajoy.

Estamos encantados de que haxa unanimidade para aprobar esta moción, que seguro que a vai haber, pero tamén estaríamos encantados que esa unanimidade fose precisamente para criticar as verdadeiras causas da situación pola que hoxe

atravesan moitas e moitos galegas e galegos, vigueses e viguesas.

SRA. CENDÓN ALONSO: Sra. Abelairas, non podo desaproveitar esta oportunidade para dicirlle que o Sr. Relova non necesita que ninguén lle prepare nada.

Efectivamente vostede lé todo e prepáranlle todo. A Sra. Valenciano fixo ben pero vostede nesta moción o único que fixo foi riscar unha cousa importante da Sra. Valenciano que é o que corresponde aos entes locais.

Sr. Domínguez Olveira, efectivamente a xente en vulnerabilidade social aumentou, é certo que se modificaron os perfís, pero non polas políticas do Sr. Rajoy nin do Sr. Feijóo, senón polas políticas do Sr. Zapatero porque os pobres que se están incorporando son os parados do Sr. Zapatero, todos aqueles que xa perderon a prestación de desemprego e que neste momento están con subsidios por debaixo do albor da pobreza. Sra. Abelairas, léase o informe de Cáritas porque aí se reflicte isto moi ben.

Un organismo que está fóra de toda dúbida, Eurostat, acaba de desmontar a falacia e a caricatura que vostedes fan de política conservadora igual a política anti-social. Voulle dar un dato: no período do goberno Socialista 2005-2011, mentres na Europa dos vinteseite as desigualdades diminuíron, en España aumentaron do 30,7 ao final do goberno Aznar, ao 34 no final do goberno Zapatero.

A nivel autonómico xa todos sabemos que o bipartito dedicaba 67 euros de cada 100, 76 euros de cada cen dedicou o goberno do Sr. Feijóo. Sra. Abelairas voulle regalar un libro de Adam Smith para que comprobe que a xustiza social non é un tema alleo ás políticas conservadoras.

Convén aclarar que estamos a falar do Plan de axuda alimentaria, un plan do Ministerio de Agricultura que reparte entre os máis necesitados alimentos a través do banco de alimentos, de Cáritas e da Cruz Vermella. Nutríase da venda dos alimentos intervidos e conforme isto foi diminuíndo houbo que aumentar a partida financeira da Comunidade Económica Europea. De aquí que algúns países a cuestionen, pero non o fai España porque no ano 2013, que é o que vostede pide Sra. Abelairas, o ministro xa anunciou que vai aumentada en cinco millóns, pasamos de 80 a 85.

Non só iso senón que se diversificou a cesta dos alimentos de xeito que se está promocionando aos agricultores, mesmo o aceite, cousa que vostedes non son

quen de facer en Andalucía que nestes días sacaron unha praza do Instituto de Auga do Ministerio de Agricultura, un Instituto que xa desapareceu hai meses. Esta é a política alimentaria que fan vostedes a diferenza da nosa.

Como sabe, no período 2014-2020 hai unha partida xa consolidada pola comisión. Isto vaille dar estabilidade, non imos ir ano a ano, estamos a falar dun período ata o ano 2020. Todo isto polo esforzo do Ministerio de Agricultura.

Con respecto ao que di do Banco de Alimentos, claro que nos felicitamos polo premio Príncipe de Asturias, nós enviamos 174 cartas de adhesión de organismos, vostedes nin unha.

Con respecto ao aproveitamento, faga ben os deberes e lea o que di a Sra. Valenciano. O aproveitamento non depende dunha política coa industria, é toda a cadea alimentaria e na nosa comunidade autónoma a metade dos alimentos se desaproveitan nos domicilios, están no lixo. Ás políticas hai que as ter en conta de maneira integral e o Ministerio está a traballar nisto.

Por iso todo o que vostede expón están resolto, non podemos máis que nos adherir á proposta.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Que a Sra. Cendón veña defender ao Sr. Relova non fai falla ningunha. Acaba de darme a razón, necesita ler, eu non.

Os problemas non se solucionan sós, Sra. Cendón. Que veña vostede agora a tentar de convencerme a min do que é a xustiza social dáme a risa. O Sr. De Guindos non estaba no Lehman Brothers? Non empezou aí a crise? O responsable é Zapatero? Estaba Zapatero alí? Estamos en Vigo, non tente desviar o debate, nun concello que ten en conta as políticas sociais, que se adiantou absolutamente a todo, que aumentou as prestacións nos comedores sociais. Tamén é verdade que de acordo do BNG que apoiou os presupostos, claro que si. Todo isto porque estamos pendentes dos máis necesitados. Aumentouse a achega ao Banco de alimentos nun 700%.

Creemos na xustiza social, non fixemos ningunha campaña, non saímos cun cartel a asinar un convenio cos Misioneiros Pobres, nin co Comedor da Esperanza, nin con Vida digna. Viron vostedes algunha foto? Non a viron porque non hai e aumentouse un 50% a subvención pero non puideron ver ningunha foto do Banco de alimentos desta concelleira co alcalde, e non como saíron vostedes facéndosea cando foi o

Partido Popular.

O que practica o Partido Popular é a caridade e non xustiza social. Eu entendo que de vez en cando os señores e señoras do Partido Popular se poñan as gravatas e os abrigos e vaian facer colectas. Eu cría que iso pertencía a exercizos pasados e que non volvería outra vez. Falamos de xustiza social e diso, Sra. Cendón, un socialista ou unha socialista non ten que recibir leccións de ninguén e menos de quen non se preocupa dos máis necesitados, que os utiliza para facer unha foto, que fai demagogia con eles.

Apoien a moción, díganlle ao goberno do Estado que estea á altura das circunstancias e que o Banco de alimentos teña a atención que necesita.

(Está ausente a concelleira do Grupo Socialista, Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, acórdase aprobar a moción presentada pola Sra. Abelairas Rodríguez sobre o financiamento do Programa Europeo de Axuda alimentaria, co texto transcrito anteriormente.

5.5.-(224) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR INSTANDO AO GOBERNO DO ESTADO A RECONSIDERACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS SOBRE A REFORMA DA LEI DE BASES DE RÉXIME LOCAL. EXPTE. 540/1101.

ANTECEDENTES. Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 17 de outubro, expediente 540/1101, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular formula a seguinte moción:

“Nos últimos meses o Goberno Central esta a adoptar unha serie de medidas en diferentes niveis necesarias pola extraordinaria e complicada situación económica que estamos a vivir.

No consello de Ministros realizado o pasado venres, 13 de xullo, presentouse un informe sobre o Plan de Reformas para o segundo semestre do ano, que ten como obxectivo reformar as administracións públicas, gañar en competitividade e mellorar a economía española buscando o crecemento.

Dentro das vinte leis incluídas neste plan, atópase o anteproxecto da "Lei de racionalización e sostibilidade da administración local", que fai referencia ás entidades locais menores, que son as administracións máis próximas ao cidadán e prestan un servizo directo ao seu territorio de competencia, establecendo un diálogo entre a veciñanza e as administracións.

Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

Instar ao Goberno de España para que reconsidere as medidas propostas polo informe do Ministerio de Facenda e Administracións públicas sobre a reforma da lei de bases de réxime local e abrir unha liña de diálogo e negociación coa FEGAMP e coa FEMP, coa participación das comunidades autónomas, co obxectivo de aprobar unha nova normativa en materia de réxime local que, partindo do recoñecemento da autonomía política e administrativa dos gobernos locais, permita ter en conta as características específicas dos municipios galegos, ao tempo que contribúa a eliminar duplicidades existentes entre os diferentes niveis de goberno, asegurando o recoñecemento de competencias e a existencia das entidades locais menores e un marco financeiro propicio para o exercicio das mesmas."

A comisión informativa de Xestión Municipal, na súa sesión do 22 de outubro, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. PÉREZ DÁVILA: Como concelleiro da Corporación municipal presento esta iniciativa co fin de acadar un apoio unánime acerca dunha cuestión que non afecta á totalidade dos municipios galegos, pero si que afecta ao máis poboado de Galicia coma é Vigo.

Dende o pasado mes de novembro o Goberno Central esta a adoptar numerosas e contundentes medidas e reformas, necesarias pola extraordinaria e complicada situación económica que está a sufrir todo o Estado Español.

No consello de Ministros do 13 de xullo, presentouse un informe do plan de reformas para o segundo semestre de 2012, que ten como obxectivo reformar as administracións públicas, gañar en competitividade e mellorar a economía española buscando o crecemento e a creación de emprego. Dentro das vinte leis incluídas neste plan de reformas, atópase o informe sobre o anteproxecto da "Lei de racionalización e sostibilidade da administración local", no que se fai referencia ás entidades locais menores e á súa posible desaparición. Cabe tamén destacar que estamos a falar dun proxecto e non dunha lei xa tramitada e que para ter efectividade aínda tería que pasar todos os trámites parlamentarios pertinentes.

Tamén no último Consello de Ministros do día 26 de outubro, hai só cinco días, tomouse un acordo polo que se crea a comisión para a reforma das administracións públicas. Como saben as entidades locais menores son as máis próximas ao cidadán, as que antes coñecen e prestan atención aos seus veciños, ofrecendo un servizo directo ao seu territorio de competencia, establecendo un diálogo máis sinxelo e fluído entre a veciñanza e as diferentes administracións públicas. As asociacións veciñais, culturais, deportivas e sociais, así como as comunidades de montes, comisións de festas e demais colectivos son os primeiros e máis favorecidos pola existencia das entidades locais menores naqueles lugares onde existen.

Como todos vostedes saben na nosa cidade existe unha entidade local menor, á da parroquia de Bembrive. Dende o Partido Popular saudamos esta reforma do mundo municipal baixo a premisa “Unha administración, unha competencia”, xa que coincidimos co goberno do Estado na súa necesidade. Así mesmo defendemos que na dita reforma deben ter participación dun xeito activo tamén as comunidades autónomas, así como as federacións galega e española de municipios, para que todos eles poidan ser escoitados durante o proceso de tramitación da reforma.

Galicia é distinta xa que só a nosa comunidade ten a metade dos núcleos de poboación do Estado e a súa singularidade demográfica, xeográfica e de poboación entendemos que cómpre ser tida en conta. Debido a esta singularidade galega fomos nós, os galegos e galegas, os primeiros en falar das reformas da administración local, encabezando ao resto de comunidades do Estado e poñendo a Galicia primeiro.

O proxecto presentado polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, partindo duns obxectivos razoables como son os de clarificar o mapa de competencias, buscar eficiencia na prestación dos servizos públicos e eliminar duplicidades, non logra dar unha resposta do todo axustada á realidade galega e aos seus municipios.

No Partido Popular de Vigo interesámonos xa dende o momento de xestación desta reforma, en que exista un espazo para as matizacións e o consenso e que se teña en conta todo canto xa se levou a cabo na nosa comunidade a prol da austeridade e a eficiencia nas administracións dende o ano 2009 gracias ao goberno do presidente Feijóo.

Por todo isto defendemos que é preciso abrir un proceso de diálogo no que participen os representantes do municipalismo galego e español, así como da comunidade autónoma, co obxectivo de acadar unha nova normativa en materia de réxime local que permita dar resposta á singularidade dos municipios galegos e existencia e continuidade, sen duplicidade das entidades locais menores.

Esta reforma que se ven de anunciar é pertinente, necesaria e prioritaria, toda vez que xa nos informes do Tribunal de Contas dos exercicios 2007, 2008 e 2009, relativos á fiscalización do sector público, instábase a que se abordara, cito textualmente "...integralmente a regulación das funcións encomendadas á administración local mediante a atribución dun elenco pechado de competencias precisas que permitan garantir a suficiencia financeira".

Resumindo, esta reforma ten que ser adaptada a todo o Estado sendo respectuosa coas pluralidades, singularidades e características da nosa Galicia. Por todo isto defendemos que a participación activa durante todo o proceso de elaboración da norma, da voz dos concellos representada na FEGAMP e na FEMP, e as achegas da nosa comunidade contribuirán positivamente a que se logre o desexado consenso e se acade o éxito procurado e a permanencia das entidades locais menores.

A gobernanza local e o municipalismo galego entendemos que ben o merecen. Por iso dende o Partido Popular presentamos esta moción.

Deseguido o concelleiro do Partido Popular, Sr. Pérez Dávila, procede a ler o texto da parte dispositiva da moción.

SR. ALONSO PÉREZ: O goberno central ven de anunciar unha reforma do réxime local sen ter en conta nin a opinión das comunidades autónomas con competencias, coma é o caso de Galicia, nin tampouco dos axentes municipais como son a FEGAMP ou a FEMP. Baixo o pretexto da crise pretenden impoñer unilateralmente un modelo centralista local que impida calquera posibilidade de adaptar a realidade galega ao réxime local, alén de limitar a autonomía dos concellos á hora de xestionar os seus servizos para potenciar o papel das deputacións provinciais.

Mesmo coma actuación contra a crise, trátase dunha proposta de reforma condenada ao fracaso, pois nin actúa sobre as causas reais que provocan asfixia no

financiamento dos concellos, nin tampouco garante unha suficiencia de fondos para atender ás competencias municipais e ás crecentes necesidades que as veciñas e veciños demandan dos concellos.

O obxectivo que se persegue coa reforma é reforzar unha estrutura institucional caduca e sen utilidade como son as deputacións provinciais, pois as súas funcións, de querer abordar unha reforma do mapa local con racionalidade, poderían ser asumidas polos concellos e pola Xunta de Galicia. A persistencia en manter e mesmo favorecer o modelo provincial, máis aínda cando existen restricións nos recursos económicos dos concellos para atender servizos e políticas sociais básicas, incide negativamente nunha xestión eficaz do diñeiro público, xa que obriga a manter estruturas burocráticas cuxa acción apenas repercute na veciñanza.

Xa que logo, o realmente inaprazable é suprimir as deputacións provinciais para que os concellos poidan dispoñer de máis fondos para atender directamente os servizos básicos que prestan e tamén para que as políticas locais se coordinen a nivel galego a fin de garantir un acceso equitativo en todo o país.

Por outra banda tamén se propón polo goberno eliminar concelleiros e concelleiras, cando a súa incidencia no gasto público é ínfima tendo en conta que a maior parte dos cargos electos locais non perciben retribucións por dedicación exclusiva. O que en realidade agocha esa proposta é unha tentativa de eliminación do pluralismo político para reforzar no eido local un bipartidismo que está en crise e impedir que forzas alternativas teñan voz e capacidade de decisión nos gobernos locais. Tamén a desaparición das entidades locais menores, coma é o caso das existentes en Galicia.

Non se pode entender unha reforma do réxime local que tenta eliminar as duplicidades e manter a institución máis caduca, máis inútil e que máis duplica como son as deputacións. É un contrasentido.

Por todo isto dende o grupo municipal do BNG presentamos a seguinte emenda de substitución do acordo.

O concelleiro do grupo municipal do BNG, Sr. Alonso Pérez, procede a ler o texto da emenda que se transcribe ao final deste debate.

SR. LÓPEZ FONT: Sr. Pérez, cariñosamente, había tempo que non oía cinco minutos

de falar tan oco, sen dicir nada, para encubrir unha acción do seu goberno.

En primeiro lugar a súa moción sorprende porque fala de vinte leis que sacou o goberno de Rajoy e o único que lle preocupa é só a desaparición das entidades menores. Non lle preocupa o IVE, a reforma laboral, non lle preocupan absolutamente nada todos os recortes que significan para o cidadán e só lle preocupa isto.

Que só sexa esta parte é certamente sorprendente porque, Sr. Pérez, o que vostedes tratan de emendar é o que fixo o goberno do Partido Popular. Decatouse de que o presidente do goberno é o Sr. Rajoy e o ministro de Facenda é o Sr. Montoro? Que son eles quen queren facer desaparecer ás entidades menores? Non sei se esta moción é unha petición de axuda ou que é.

Son vostedes quen lles teñen que explicar aos cidadáns por que o goberno do PP non recoñece a autonomía municipal, iso é o que vostede di porque nesta moción está a dicir que o Partido Popular non a recoñece. É vostede quen di que o goberno do PP non respecta as características de Galicia. É quen di que non ten en conta o marco financeiro. E é vostede quen di que neste modelo e neste anteproxecto se establecen duplicidades .

Os campións das duplicidades son vostedes e tamén tería que traer aquí que tamén hai que modificar o papel das deputacións cousa que non din. Tarde se decatan, deberían terse dado de conta antes do 10 do setembro e ter viaxado a Madrid cos veciños de Bembrive para protestar perante o seu goberno. É aí onde hai que protestar.

Non sei se é que necesitan axuda pero a moción pon algo de manifesto: vostedes non pintan absolutamente nada nin no Partido Popular de Galicia nin no de España. O PP de Vigo tivo o peor resultado de toda Galicia; vostedes están sinxelamente para aplaudir nos mitins de Esperanza Aguirre, esa gran señora do Partido Popular.

Voulle contar, Sr. Pérez, o que tería que ter feito dende o seu grupo municipal: esixir de inmediato a retirada do anteproxecto; defender a Galicia, a Vigo e a Bembrive por riba de todo; falar directamente con Núñez Feijóo e co Sr. Rajoy para que modificasen isto. Pero non fan iso, teñen que vir aquí solicitar o apoio dos demais.

Voulle contar o que fixemos os demais e en concreto o alcalde de Vigo. O alcalde de Vigo opúxose dende o primeiro momento a este proxecto, foi explicarlle aos veciños de Bembrive o que significaba este proxecto que vostede di que se reconsidera e

posicionouse en contra. Ademais o alcalde de Vigo, como é o único desta cidade que está na FEMP e é o vicepresidente, para que se decate algún concelleiro do seu grupo, é quen lle puxo un enfrontamento evidente ao Sr. Montoro, é quen na mesa dixo ao Sr. Montoro que non se podía facer esta reforma das administracións.

Por riba vostedes que agora traen esta moción, vanse atopar coa sorpresa de que evidentemente o Sr. Montoro vai facer caso ao vicepresidente da FEMP, Sr. Caballero, non a vostedes que non o expuxeron. Vostedes falan da FEMP e da FEGAMP pero non están en ningún sitio. En Vigo co 34% o peor resultado da súa historia e de todos os municipios.

O Partido Popular é o campión das duplicidades e senón que o demostre porque non está a actuar para eliminalas nas administracións. O Partido Popular é o inimigo da autonomía municipal e cando di que Galicia é distinta debe ser porque ten o presidente máis mentireiro de todas as comunidades autónomas que catro días despois de rematar as eleccións recoñece que desviou millóns...

SR. PÉREZ DÁVILA: Non me fale de malos resultados en Vigo, nin das eleccións cando o candidato á Xunta de Galicia que tivo os peores resultados do Partido Socialista con tres deputados menos está sentado presidindo este Pleno, sendo o único político galego que non gañou unha soa elección.

Non me fale vostede dos membros do Partido Popular, nin de se a xente de Bembrive do Partido Popular foi a Madrid defender ás entidades locais ou non, cando xa o anterior alcalde pedáneo explicou de forma escrita aos seus compañeiros por que non acudiu a Madrid querendo estar: por estritos motivos de saúde. Non sexan vostedes exactamente igual que os seus compañeiros en Bembrive, estamos a falar de persoas e de política e non mesturen os temas persoais.

Estaba vostede a dicirme que o problema está solucionado igual que din na parroquia de Bembrive, que enchen a parroquia con carteis dicindo que está solucionado, que aquelas entidades locais menores economicamente viables non van desaparecer. Iso só o di o Diario Montañés, un medio de comunicación moi respectable pero non é un documento oficial. O Partido Popular estará encantado de que as entidades economicamente viables se manteñan pero traballaremos por iso ata que teñamos un documento.

Quero dicirlle tres cousas. En primeiro lugar que son vostedes uns irresponsables porque a través dunha soa nota de prensa pensan que o problema está solucionado e mesmo remiten dende a entidade local menor, gobernada por vostedes, unha comunicación dicindo que as últimas noticias din que as cousas van por aí.

Son vostedes uns mentireiros e farsantes e dígolle por que. Aos dous días de chegar a esa entidade local menor dixeron que había buraco enorme, que era inviable, que non se podía gobernar porque non había un só euro e agora, catro días despois, din que a situación económica é viable.

Quero dicirlle a vostedes, a todos os cidadáns e cidadás desta cidade e sobre todo a toda a veciñanza da parroquia de Bembrive onde teño o grande orgullo de ter nacido: se se confirman as noticias, unha vez postas no papel e asinadas polo ministro, de que as entidades locais menores economicamente viables van subsistir, pódolle asegurar que entón a entidade local menor de Bembrive está salvada por dezaseis anos de xestión do Partido Popular desta cidade, primeiro co alcalde pedáneo Carlos Comesaña e logo polo alcalde pedáneo Benito Pérez que estou completamente seguro que ambos quixerían estar en Madrid pero seguramente por temas de saúde graves non están. Cando unha compañeira de seu, por temas de saúde, non pode estar nós apartámola do debate político. Fagan vostedes o mesmo, sobre todo na parroquia de Bembrive e senón pregunten. Iso non é ser persoa nin ser político, iso é ser *carroñero* e dígollo así de claro.

Son vostedes uns irresponsables, uns farsantes e a Entidade Local Menor de Bembrive está salvada gracias ao Partido Popular de Vigo e de Bembrive.

A PRESIDENCIA: Sr. Pérez Dávila, entendo que non houbo ningunha mención persoal. Caso de habela retiraríase pero non a houbo. Respectamos quen puido ir ou quen non a Madrid, non é o obxecto deste debate e estou seguro de que o Sr. Font non fixo ningunha alusión persoal a ninguén.

Sen embargo si que lles quero contar algunhas cuestións porque para ben ou para mal son o vicepresidente primeiro da FEMP. Na miña opinión para ben desta cidade en dúas eleccións consecutivas saín elixido alcalde. Había vintecinco anos que ningún alcalde repetía o mandato.

Dende a vicepresidencia da FEMP quen está a defender directamente ás entidades locais menores é o alcalde de Vigo porque ten unha entidade local menor no seu

Concello. Dende que saíu o primeiro borrador da Lei de reforma de bases de Réxime Local, se vostede vai ás actas da comisión nacional de administración local atoparase intervencións do vicepresidente primeiro da FEMP defendendo ás entidades locais menores, de xeito continuo, co ministro de Facenda e de Administracións Públicas diante.

Se colle as actas da Federación Española de Municipios e Provincias atopará en todas as comisións executivas ao alcalde de Vigo defendendo ás entidades locais menores porque ten unha no seu concello e porque cremos que representan ben á sociedade e que teñen que continuar.

Por esta defensa que dende a FEMP estamos a facer todos os grupos, neste momento o goberno de España xa tomou a decisión de quitar esa parte da reforma da Lei de Bases. Xa lle informo de que onte nos comunicou o Ministerio de Facenda, e así tomou conta a comisión executiva da FEMP de onte, que ían retirar todos os apartados relativos á supresión das entidades locais menores. Confío que o goberno de España cumpra este adianto que nos fixo á comisión executiva da FEMP.

Algo máis, coido que o conxunto da reforma da Lei de bases de réxime local está profundamente trabucado e por tanto me alegro que o Grupo Popular neste Concello comparta o que o alcalde ven dicindo dende que se presentou o primeiro borrador. Así o estamos a manifestar na FEMP e así o imos seguir manifestando pero me temo que vostedes non teñen eco no seu goberno porque non a van frear, temo que esta moción que confío en que votemos todos por unanimidade, non vai ter ningún eco no seu goberno, o que vostedes defenden e o que vostedes din que ten que continuar.

No que respecta á atención nas corporacións locais e á reforma de Lei de bases me temo que o goberno de España e o Grupo parlamentario Popular, van cometer un inmenso erro aprobando unha reforma de Lei de bases que soamente vai prexudicar aos concellos e á autonomía local. Pero nós seguiremos a defender aos concellos e ás entidades menores.

Emenda de substitución formulada polo concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Alonso Vázquez, por escrito de data 26 de outubro:

Substituír a proposta presentada polo seguinte texto:

“1.- Rexeitar a proposta contida no Anteproxecto de Lei de racionalidade e

sostibilidade da administración local no que atinxe á desaparición das entidades locais menores, e por ende da de Bembrive.

2.- Rexeitar as medidas de reforma da Lei de bases de réxime local adoptadas polo goberno do PP no Estado, en canto invaden as competencias propias de Galicia, non solucionan a falla de financiamento que sofren os concellos galegos e atacan á autonomía municipal dos concellos de menos de 20.000 habitantes -moi ampla maioría dos concellos galegos- potenciando ás deputacións provinciais.

3.- Rexeitar a redución do número de concelleiros e concelleiras que se pretende por canto reduce o pluralismo político, a necesaria participación na xestión municipal e non significa aforro económico ningún por canto a inmensa maioría de concelleiros e concelleiras non perciben retribucións económicas.

4.- Demandar a supresión das deputacións provinciais pasando as súas funcións a concellos e Xunta de Galicia, o que implicará un importante aforro económico e unha eficiencia na xestión."

A anterior emenda non se aceptou polo relator da moción, Sr. Pérez Dávila, polo que a Presidencia non a somete a votación.

(Está ausente a concelleira do Grupo Socialista, Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN E ACORDO: Con vintetrés votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, e tres abstencións dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción presentada polo concelleiro do Grupo Popular, Sr. Pérez Dávila, instando ao goberno do estado á reconsideración das medidas propostas sobre a reforma da Lei de bases de réxime local, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

5.6.-(225) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR INSTANDO AO GOBERNO DA XUNTA DE GALICIA A QUE INSTE AO GOBERNO ESTADO A INCLUSIÓN NOS CICLOS DE PRIMARIA E SECUNDARIA DE CONTIDOS OBRIGATORIOS SOBRE PRIMEIROS AUXILIOS, SEGURIDADE VIAL, AUTO PROTECCIÓN E EMERXENCIAS. EXPTE. 539/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 17 de outubro, número 509/1101, o concelleiro do Grupo Popular, Sr. Araújo Pereira, formula a seguinte moción:

“Numerosos estudos científicos sinalan a importancia de que todos os cidadáns coñezan as técnicas de soporte vital básico. Accidentes como incendios en vivendas, derrubas catástrofes medioambientais e tecnolóxicas causan centos de vítimas derivadas de comportamentos inadecuados da poboación por descoñecemento dos plans e procedementos de emerxencias que poderían evitarse cunha correcta formación.

Ata un 75% das mortes por enfermidade cardiovascular prodúcense no domicilio do paciente. O recoñecemento da situación e a actuación por parte das testemuñas presenciais é primordial para a supervivencia da vítima.

É importante a formación dos nenos e dos mozos en primeiros auxilios, seguridade vial e emerxencias co fin de concienciarlles da importancia da prevención de situacións de risco e emerxencia.

A finalidade é concienciar da importancia dunha actuación rápida, serea e precisa en situacións de emerxencia; implicar aos cidadáns dende idades moi temperás na necesidade da prevención como a mellor forma de evitar accidentes ou paliar as súas consecuencias.

Desta forma, fomentamos a autonomía e a responsabilidade individual e a participación activa dos cidadáns na sociedade.

Dende o grupo municipal do Partido Popular de Vigo queremos aproveitar as futuras modificación no deseño curricular de determinadas asignaturas, nas que consideramos que existiría un encaixe idóneo para estas ensinanzas, para solicitar que se incorporen no plan de estudos estes contidos fundamentais para a seguridade e a vida.

Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación que adopte o seguinte acordo:

Instar ao Goberno autonómico para que á súa vez inste ao Goberno Central a estudar a inclusión no programa de contidos obrigatorios de educación primaria e

secundaria, os coñecementos de primeiros auxilios, seguridade vial, autoprotección e emerxencias.”

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, na súa sesión do 22 de outubro, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. ARAÚJO PEREIRA: O obxectivo principal desta moción é instar ao goberno da nación a estudar a inclusión no programa de contidos obrigatorios de educación primaria e secundaria os coñecementos de primeiros auxilios, seguridade vial, auto-protección e emerxencias. Aínda que esta moción non entre dentro do marco de competencias directas deste Concello, como por certo moitas outras que se están debatendo neste Pleno o que non se debería discutir, si de xeito directo entra nas competencias delegadas polo presidente nos concelleiros do goberno como son as de seguridade e tráfico.

Esta moción pretende achegar solucións globais e reais aos problemas, como pode ser o aumento da sinestralidade e as necesidades actuais e futuras da sociedade viguesa para resolver este tipo de problemas.

Vivimos na sociedade do risco. O aumento do cambio climático que xera traxedias medioambientais, como estamos a ver nestes momentos nos Estados Unidos, como vimos en Lorca non hai moito tempo. O aumento da poboación, xerando presións sobre o consumo, o aumento do consumo enerxético, diminución dos recursos para dar solución ao consumo, diminución de fontes enerxéticas, de investimentos a medio prazo para solucionar a mingua enerxética e de materia prima e produto... Todo isto inflúe de xeito transcendental en flutuacións económicas debidas a mercados globais especulativos que afectan directamente ás economías familiares e empresariais a pequena e mediana escala, xerando falta de liquidez financeira, contracción do consumo e recortes de recursos que poden afectar ao aumento da sinestralidade, entre outras cousas.

Esta sociedade do risco debe modificar estruturas e procedementos administrativos e sociais para dar solución a este aumento da sinestralidade, xerando servizos máis eficientes e de menor custo. Se a formación, a prevención e o mantemento decaen, increméntase a actividade dos servizos de emerxencia, como está a pasar ultimamente porque se non se evita a sinestralidade aguántase. A curto prazo vaise ver un aumento da actividade dos servizos de emerxencia e váiselles pedir unha

maior eficiencia para facer máis con menos.

Esta moción pretende promover que se invista antes en formación e prevención a menor custe que non posteriormente, para dar solución a sinistros xerando unha multiplicación do custe económico e humano en forma de traxedia. Tamén pretende dar solución a problemas reais de deficiencia cultural e información, presentes na maioría da poboación estatal e que afectan directamente ao aumento de sinistros e á gravidade dos mesmo.

Se facemos un bo diagnóstico e agás raras excepcións, a sociedade descoñece procedementos básicos de autoprotección, de primeiros auxilios ou de seguridade vial. Podemos preguntar nesta sala canta xente algunha vez fixo prácticas RCP, usou un extintor ou sabe que facer se se produce un accidente cun transporte tóxico. Saberíamos que facer se se da unha alarma de, por exemplo, uso radioactivo en material sanitario ou cara onde ir se temos un incendio forestal?

Todo isto dános o índice de desinformación que temos na poboación a nivel xeral. Coma exemplo ilustrativo quería comentarlle un caso real dunha nena que veraneaba cos seus pais na costa catalá e tivo unha electrocución. Cando pasou isto un dos pais púxose facer RCP e o outro avisou ao 112. Cando chegaron os medios sanitarios atopáronse unha nena con parada cardio-vascular, aplicáronlle soporte vital básico, levárona a un centro de referencia e, logo de curarlle as queimaduras de entrada e saída, ás dous semanas a nena estaba correndo e xogando cos seus pais. Isto fainos pensar quen é o que salva a esta nena: os seus pais, que aplicaron ben o aprendido, ou os super-médico que seguramente chegan tarde?

Un estudo entre dez mil casos en Suecia chegou á conclusión de que a falla dun primeiro actuante fai baixar a supervivencia entre un 30 e un 50%, e o 60% dos mortos por infarto dánse se non son tratados na primeira media hora. Por isto non é suficiente con ter centros de saúde, bombeiros, hospitais, ambulancias... Os coñecementos xerais nestas materias son esenciais. Se nós non sabemos actuar, moito menos os nosos fillos, ese é o fondo desta moción.

Nunha emerxencia o tempo de reacción é crave para salvar vidas, por iso é primordial que os nosos nenos saiban actuar, daí o lema desta moción: Os nenos de hoxe poden salvar vidas mañá.

SRA. VELOSO RÍOS: Evidentemente vostedes se preocupan moito polas sinestralidade, por iso o primeiro que fixeron ao chegaren á Xunta de Galicia foi eliminar o Noite Bús porque no noso país, onde tantos mozos e mozas vense implicados en accidentes de tráfico durante a fin de semana, eliminamos un recurso que prevé eses accidentes de tráfico e logo se gastan infinidade de cartos en cousas tales como dez mil copias dun CD-DVD sobre unha canción que fala dun mozo morto por conducir bébedo. Parécenos un xeito bastante curioso o de seu de eliminar a sinestralidade e prever accidentes.

De feito esta moción tamén nos parece bastante curiosa. Vostedes piden agora directamente que se inclúa no programa de contidos obrigatorios de educación primaria e secundaria este tipo de coñecementos. Supoño que aproveitando a enésima reforma educativa que o Sr. Wert quere levar a cabo, que leva debullando meses ou máis ben diría eu coa que leva ameazando meses. E teñen razón ao propoñer coñecementos de autoprotección e emerxencia porque a verdade que esta reforma é unha catástrofe, aínda que non natural, e necesitamos autoprotección. Trátase dunha agresión catastrófica.

Supoño que queren coñecementos de primeiros auxilios para encher o tempo libre que queda coa supresión de educación para a cidadanía, a supresión de coñecemento do medio, da materia de tecnoloxía... Eu tamén vou poñer un exemplo dunha nena inglesa que reconece os sinais dun tsunami porque lle explicaran no colexio como se producía e cales eran os seus sinais. Os seus país e máis ela escaparon da praia antes de que chegase a onde xigante. Claro que iso é nun sistema educativo coma o británico, non coma o que vostedes nos pretenden impoñer.

Iso tamén será para que teñan algo que facer todos aqueles rapaces e rapazas que sen apoio de ningún tipo nin currículos adaptados, non sexan quen de superar ás súas reválidas, todas esas probas que van poñendo vostedes para filtrar aos alumnos bos dos malos. Tamén eses centros que separan nenos de nenas, que vostedes apoian moral e economicamente con tanto interese, van manter estes contidos ou ás nenas vanlles dar clase de costura que tamén é moi útil en tempos de crise?

Teñen a toda a comunidade educativa que bota lume. As perspectivas para o alumnado son terribles, o futuro do sistema público é o máis negro que tivemos

nunca, empobrecemos e hipotecamos este país por moito tempo coas reformas educativas que levan feito vostedes dende os gobernos autonómicos e o goberno estatal. Vostedes que dicían que non querían adoutrinar porque vostedes entenden educar por adoutrinar. E agora o que queren é españolizar directamente.

A proposta global educativa sería un 25% máis de horas de matemáticas, español e inglés, eliminan a tecnoloxía, a educación para a cidadanía, reducen as horas de filosofía, as horas de educación musical e todo isto sen preguntar a ninguén e provocando o rexeitamento frontal, xa non só de toda comunidade educativa, senón ata das propias comunidades gobernadas polo Partido Popular.

Como o Sr. Wert se reuniu xa cos conselleiros e conselleiras de educación e non conseguiu poñerse de acordo porque nin sequera conseguen isto, aproveite que aínda está o debate vivo, páselle esta proposta a don Xesús Vázquez porque coas propostas que el fai, esta a verdade que case nos parecería unha parvada, e a ver se así consegue mantela, pero dende logo con nós non conte para contribuír ao seu traballo de desmantelamento e destrución do sistema público de ensino.

Por todo isto imos votar en contra desta moción porque, sinceramente, nos parece que coa que está caendo neste país co sistema público de ensino non ven a conto presentar unha proposta semellante.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: A verdade é que é unha moción que sorprende, igual que a anterior que defendía o concelleiro Sr. Font, porque é unha moción que en principio está en contra do que está a facer nestes momentos o propio goberno central en Madrid e do que está a facer a Xunta agora mesmo.

Falan de que queren introducir como materias obrigatorias unha serie de conceptos coma é educación vial, primeiros auxilios, emerxencias... Todo isto xa está contemplado nunha materia que se chama "Educación para a cidadanía", que foi introducida por Zapatero no ano 2006 e que en Galicia introduciuna Touriño no ano 2007. Dígolle algún dos obxectivos que aparecen neses temarios que en Galicia introduciu Touriño. Entre os seus contidos fálase de respecto ás normas de mobilidade vial, educación, saúde, consumo responsable... Iso está contemplado xa. Se neste momento non se está a dar de xeito obrigatorio é porque o Sr. Feijóo non quere que se dea.

Ademais o Partido Popular está tan en contra desta materia de Educación para a

ciudadanía que nada máis chegar ao goberno central o primeiro que fixo o ministro de Educación foi cambiar esta materia e por suposto eliminou conceptos fundamentais como son a igualdade, o racismo e un concepto que é que a fonte de pobreza e a falta de educación. Iso eliminárono pero o propio ministro Wert, e leo tal coma aparece no BOE do 4 de agosto: "...mantén como contido de educación para a cidadanía coñecer e respectar as normas básicas que regulen a circulación, especialmente aquelas que teñen que ver coa seguridade, educar en saúde integral, coñecer habilidades, valores necesarios respecto á saúde, adquisición de hábitos de vida saudables, alimentación, actividade física, respecto ás normas de mobilidade vial, identificación de causas e grupos de risco nos accidentes de tráfico..."

Todo isto xa está contemplado a pesar da reforma do ministro e pódense coller os manuais de calquera colexio público de Vigo e ver que nestes manuais se imparten estas materias: "Previr mellor que curar, consumo responsable, clase de seguridade vial, previr os riscos en casa, mapas corporais..." O que ocorre é que o ministro Wert vai moito máis aló e se esta é unha asignatura que se imparte tanto en primaria coma en secundaria ou bacharelato, coa nova lei que está presentando o ministro Wert resulta que ó final só vai quedar en unha e si que vai eliminar estes contidos. Entón agora o Partido Popular dáse de conta de que estes contidos son básicos. Claro que si.

Digo que me sorprende porque, tal como ben dicía a Sra. Veloso, a lei que está presentando é unha lei completamente regresiva, onte mesmo o ministro Wert acaba de ser reprobado no Parlamento. Eliminou conceptos coma a igualdade e resulta que agora a moción que trae o Partido Popular é do único en que existe consenso, todos coincidimos en que son materias craves educar aos nenos e cousas tan fundamentais coma o coidado do seu propio corpo a nivel de saúde integral.

Fíxese se hai consenso que dende o propio Concello de Vigo hai todo un programa de seguridade vial moito máis amplo mesmo do que está a propoñer o Partido Popular porque vai dende os propios nenos das escolas infantís de dous anos, educación primaria, educación secundaria, adolescentes e mesmo adultos, en centros de saúde... Todo un programa completo onde se abordan todos os aspectos nas distintas etapas da vida.

Aínda que quizais non me sorprende porque ao mellor o que quere levantar o Partido Popular é unha cortina de fume para que non se fale do que realmente é importante: que dende o ministerio están a presentar unha lei absolutamente regresiva, unha lei que a partir de primaria xa vai segregar aos nenos entre os que teñen capacidade para estudar e seguir en secundaria e os que non. Onde novamente vai propoñer outra proba de acceso para que en secundaria se divida aos nenos entre os que van estudar bacharelato e logo a universidade, ou entre aqueles que o PP di que non teñen capacidade para ir a bacharelato e por tanto non van poder acceder á universidade.

Xa o dixo o propio ministro Wert: “Non podemos crear universitarios, un país coma España non se pode permitir o número de universitarios que hai”. Por iso quitan do programa que a falla de educación xera pobreza porque só queren que accedan á universidade, e polo tanto a un nivel determinado de estudos, determinados nenos. Iso si, seguro que o seu fillo vai ir á universidade pero un que non teña unha bolsa, porque acaban de recortalas, quizais non poda acceder á universidade.

Por iso aquí vense falar de algo para desvirtuar o que realmente é importante: todos os recortes que se están a facer.

SR. ARAÚJO PEREIRA: Xa comentaba ao principio da miña da intervención que non quería que se enfocase o tema por cousas que non son competencias deste Concello. Estamos a falar de leis que aínda están sen aprobar e de temas que coido que non competen a este Pleno. Pero si que lle compete a este Pleno a información dos cidadáns de Vigo en temas de emerxencia, seguridade vial e primeiros auxilios e coido que se está a obviar cal é o fondo da moción.

Sra. Veloso, seguindo por esa liña coido que vai mal, é unha liña política absurda. O Noite bús é un tema deste Concello, o transporte público deste Concello é un tema de xestión nosa. Subiuse de cinco millóns de euros a dez millóns o investimento deste Concello para axudar ao transporte urbano. Estes cinco millóns de subida para o transporte significan que cada vez vai a menos e que é o transporte máis deficiente, o que pasa é que algúns esquecen cales son as súas competencias.

Tamén lle quero dicir que é increíble que diga cousas coma as que escoitei ata agora. Espero que nunca unha filla de seu teña algún tipo destes problemas e vostede ou os seus compañeiros non saiban resolvelos. Espero que non sexa así.

Sobre o tema machista que comentou nin lle vou responder porque me parece totalmente absurdo.

Infórmese do que están a presentar outros concellos nesta liña porque tamén hai concellos da súa cor política. Infórmese de como está o estado administrativo deste tema no ministerio porque xa non ven de agora, ven da época socialista e estíbese aprobando.

Hai un problema directo moi claro. Cal é o perfil do formador que ten que dar este tipo de contidos? O perfil non se adapta ao perfil do profesorado, seguramente teñamos que facer formación no profesorado para chegar dar estes conceptos de forma real.

O que si son deberes deste Concello é facer cumprir a lexislación que tanto lle gusta ao alcalde, seguramente teña que mandar ao concelleiro a que cumpra isto, como fai de vez en cando. No Real decreto 407/1992, no que se aproba a Norma básica de protección civil, no capítulo II, artigo 4, se definen as directrices das valoracións de planes territoriais como planes de autoprotección. Nese artigo dise que “Se determinan os mecanismos adecuados para a información á poboación e ao público en xeral para que así poidan adaptar a súa conduta á prevista no plan de emerxencia”.

Sobre isto non hai absolutamente nada, non fixeron ningunha formación, o único que fixeron foi algo de formación en seguridade vial

(Está ausente a concelleira do Grupo Socialista, Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN E ACORDO: Con vintetrés votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, e tres abstencións dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción presentada polo concelleiro do Grupo Popular, Sr. Araújo Pereira, solicitando ao goberno da Xunta de Galicia a que inste ao goberno estado a inclusión nos ciclos de primaria e secundaria de contidos obrigatorios sobre primeiros auxilios, seguridade vial, auto protección e emerxencias, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

INTERVENCIÓN DA PRESIDENCIA: Antes de pasar ao punto seguinte, quería amosar a condolencia desta Presidencia polo pasamento antonte do Sr. Orza. Foi un servidor público, conselleiro, parlamentario, membro do Tribunal de Contas e quería que constase en acta e se lle enviase á súa familia e aos seus compañeiros de partido as condolencia de todos os compoñentes deste Pleno polo seu pasamento.

6.- ASUNTOS URXENTES.

6.1.-(226) MOCIÓN DO GRUPO POPULAR INSTANDO APOIAR OS INVESTIMENTOS PREVISTOS POLA MINISTRA DE FOMENTO NOS PRESUPOSTOS DO ESTADO PARA O AVE E REXEITAR AS DECLARACIÓNS EFECTUADAS POR NACIONALISTAS CATALÁNS. EXP. 550/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 26 de outubro, número 550/1101, o voceiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Figueroa Vila, formula a seguinte moción:

“Galicia leva moitos anos agardando pola alta velocidade, que sufriu sucesivos e graves incumprimentos por parte dos gobernos socialistas que impediron a súa posta en marcha en 2009, 2012 e 2015.

Mentres, os galegos deben seguir utilizando servizos convencionais de longa distancia. Andalucía ten AVE dende hai 20 anos e Cataluña dende o ano 2008. Como exemplo desta situación diremos que dende Barcelona cada día saen 28 trens con destino a Madrid, dos que 27 son AVE.

Neste orde de cousas resultan incomprensibles as iniciativas e manifestacións

realizadas esta mesma semana por diversos representantes nacionalistas de Cataluña que están a cuestionar, incluso no seo da Comisión Europea, a idoneidade dos investimentos previstos polo Ministerio de Fomento nos orzamentos xerais do Estado para a chegada do AVE a Galicia.

Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación que adopte os seguintes acordos:

Primeiro.- O Pleno do Concello de Vigo manifesta o seu apoio aos investimentos previstos pola Ministra de Fomento, Ana Pastor, nos orzamentos xerais do Estado para a chegada do AVE a Galicia.

Segundo.- O Pleno do Concello de Vigo manifesta a súa reprobación ás iniciativas e manifestacións realizadas por representantes nacionalistas cataláns que, dentro da súa estratexia soberanista, cuestionan os investimentos que o Goberno de Mariano Rajoy está a facer en Galicia para a chegada do AVE.”

DEBATE DA URXENCIA.- A PRESIDENCIA: Hai unha moción urxente do Grupo Popular que foi presentada en tempo e forma aos efectos da súa consideración, sobre o tema do tren de alta velocidade. Intervencións dun minuto para a urxencia.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Nós non imos votar a favor da urxencia desta moción. Antonte o público ás veces dicía cousas que nós compartimos, hai que utilizar ás institucións para falar dos problemas reais da cidadanía e non utilizar ao Concello de Vigo como plataforma propagandista dunha política do Partido Popular. É un auténtico descaro e unha baixeza pretender presentar por vía de urxencia unha moción para que un Pleno da Corporación diga que estamos de acordo coas políticas do Partido Popular e cos seus orzamentos. Isto hai que o facer no Parlamento do Estado e é alí onde o BNG xa ten posto as emendas aos orzamentos e tamén ten criticado as manifestacións dos cataláns en contra dos investimentos do AVE.

Utilizar un Concello para que unha Corporación diga “Amén Sr. Rajoy” evidentemente nunca vai contar coa complicidade do Bloque Nacionalista Galego e por iso anunciamos o noso voto en contra da urxencia desta moción.

(Está ausente a concelleira do Grupo Socialista, Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN DA URXENCIA: Con vintetrés votos a favor dos membros do Grupo

municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, e tres abstencións dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, ó se acadar a maioría absoluta esixida polo artigo 51 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, e artigo 83 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por real decreto 2568/86, do 28 de novembro, apróbase a declaración da urxencia.

DEBATE.- SR. FIGUEROA VILA: É sorprendente o que acabamos de escoitar, non nos estraña que cada día perdan máis votos e que pola esquerda lle veñan pisando porque co ritmo que van non me estrañaríase que quedasen fóra da Corporación. Que se poida discutir ou poñer en tea de xuízo que poidamos debater unha das infraestruturas máis importantes que necesita Vigo, non só agora senón que para a súa historia, parécenos realmente sorprendente.

Parécenos sorprendente que un grupo coma o do Bloque Nacionalista Galego non queira rexeitar os ataques dos nacionalistas cataláns á infraestrutura máis importante que temos para o futuro desta cidade. Unha infraestrutura na que todos vimos traballando na mesma dirección para acadala, unha infraestrutura imprescindible e que outras comunidades xa teñen hai máis de vinte anos e concretamente os cataláns dende o ano 2008.

Os ataques que se producen dende Cataluña á ministra de Fomento e ao presidente do Goberno polo compromiso firme que teñen con esta infraestrutura en Vigo e en Galicia queremos rexeitalos, queremos que ese rexeitamento o faga esta Corporación e tamén queremos seguir animando á ministra para que sega implicada e comprometida coas infraestruturas e cos investimentos que se están a facer nesta cidade.

Coido que esta ministra nos últimos meses deu mostra do seu compromiso con

Vigo, de coñecer Vigo, de tentar resolver os problemas dun xeito positivo, tanto cos axentes sociais e económicos como cos responsables políticos, ben do Concello ben doutras administracións.

É certo que avanzamos bastante, que chegamos a acordos, que entre todos tentamos buscar consensos e este é o espírito desta moción. Non queremos abrir ningún debate novo, o tema do AVE na nosa cidade está consensuado, están acadados os acordos que se necesitaban, de financiamento con 1.750 millóns de euros que se levou a cabo nos últimos oito meses para ir dando cabida á demanda que se presenta e ás necesidades que ten o AVE. Chegouse a un acordo co Concello e con todas as administracións e tamén cos axentes sociais para desbloquear a situación que tiña a estación do AVE, buscar unha solución razoable para que esa estación se poida construír.

Tamén se chegou a un acordo por unha eiva que tiña que era o tema intermodal desa estación e tamén hai un compromiso dentro dese plan de infraestruturas para que o AVE Vigo-Ourense transcorra por Cerdedo.

Coido que ese é o espírito desta moción, equivocáanse os señores do Bloque se pensan que nós iamos noutra dirección. Só é apoiar a un responsable político e a un grupo de persoas, e vostedes tamén estiveron nesas xuntanzas co secretario do Estado, porque hai que seguir apoiando ao AVE e os catalán non poden marcar o ritmo de Galicia nin de Vigo, non poden impedir dende a súa situación que aquí se constrúa a infraestrutura máis importante que necesita esta cidade. Iso é o que queríamos dicir. Equivocáronse, Sr. Domínguez Olveira, no fondo e na forma.

Por tanto imos pedir que esta Corporación, por unanimidade, rexeite eses ataques dos cataláns e tamén defender a infraestrutura que agora mesmo está en marcha. Coido que os debates anteriores sobran nesta cidade. Agora todos temos que estar apoiando a unha infraestrutura que pode cambiar o noroeste peninsular, pode cambiar Vigo a todos os niveis, que esteamos conectados coa meseta en menos de tres horas, que teñamos unha estación intermodal axeitada aos tempos en que vivimos e que poida dar servizo aos vigueses e ás viguesas.

Iso é o que se pretende e o demais son politiqueos, discusións e debates estériles. Por iso nós imos seguir mantendo esa posición e que o Pleno da Corporación de Vigo manifeste o seu apoio aos investimentos previstos polo Ministerio de Fomento nos orzamentos xerais do Estado para o ano 2013 e tamén apoiar os que se están a

facer agora mesmo dentro dos orzamentos do ano 2012 que son eses 1.750 millóns de euros.

Tamén reprobar as iniciativas e manifestacións realizadas polos representantes cataláns, que mesmo acoden a Bruxelas para tentar paralizar este investimento e que se vaia para o eixo mediterráneo. Iso é o único que queremos dicir.

Sr. Domínguez Olveira, lamentable a súa actitude de hoxe.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Sr. Figueroa, o que é lamentable non é a actitude do Bloque nin a miña senón que vostede manipule e minta. Nesta moción non se debate o futuro do AVE, vou ler textualmente o primeiro punto para que os medios de comunicación e o público escoiten. Vostede di literalmente: “O Pleno do Concello de Vigo manifesta o seu apoio aos investimentos previstos pola Ministra de Fomento, Ana Pastor, nos orzamentos xerais do Estado para a chegada do AVE a Galicia”. Non está vostede debatendo o AVE, está dicindo que aprobemos que estamos de acordo cos investimentos que a ministra puxo nos orzamentos. Non minta nin manipule.

E nós non estamos de acordo cos investimentos que aparecen, igual que non estabamos de acordo cos investimentos que apareceron o ano pasado e xa a nosa deputada a Sra. Fernández Davila criticaba que estaban absolutamente inflados e logo non se executou absolutamente nada de nada. O AVE que algúns dicían que ía chegar no 2012, outros logo que ía chegar no 2015, despois xa era no 2018 e agora xa está claro que chegará no 2020 se é que chega, a medida de que vostedes segan a facer os orzamentos que fan, a culpa diso non é dunha actitude do BNG. A culpa foi dos gobernos do Partido Socialista e do Partido Popular que unha vez máis deixan a Vigo e a Galicia sen as infraestruturas necesarias, polo tanto Sr. Figueroa non manipule.

Pois imos falar do AVE. Eu propóñoille unha cousa para ver quen está aquí a manipular. Retire esta moción e aprobemos por unanimidade esixirlle ao goberno central que acelere todos os prazos para que a chegada do AVE a Vigo se faga no menor prazo posible e por Cerdedo. Elimine todo o demais.

O BNG xa fixo as críticas aos cataláns, a nosa deputada no Congreso Olaia Fernández xa criticou as declaracións dos cataláns en contra deste investimento, declaracións que ademais o BNG non asume e xa lle ten dito á nosa deputada que

Vigo e Galicia necesitan esta infraestrutura e non son quen os cataláns para nos dicir o que é prioritario ou non para os galegos e galegas porque iso nunca o imos permitir.

Se non queren facer demagogia retiren esta moción que é publicidade, como veño de demostrar, e fagamos unha resolución agora mesmo en base a esta moción onde toda a Corporación lle esixa ao goberno central que axilice todos os prazos para que o AVE chegue a Vigo por Cerdedo canto antes e votámoslla. Xa está. Pero non imos ser cómplices da súa manipulación.

Se o BNG perdeu votos, preocúpese dos que vostedes perderon que en Vigo foron bastantes máis dos que perdeu o BNG, pero non nos importa perder votos se iso significa manter en certos temas a coherencia como sempre fixo o BNG na defensa das infraestruturas, cousa que os diferentes partidos do Goberno Popular, incluída a Xunta de Galicia, non poden dicir porque levan dende á Xunta catro anos discriminando ás infraestruturas desta cidade porque aínda seguimos a esperar pola alternativa Vigo-Pontevedra para que os vigueses e viguesas non teñamos que seguir pagando ás peaxes abusivas por culpa dunha privatización que gobernos do Partido Popular nos trouxeron.

Esa é a coherencia e se non quere utilizar o Pleno de propaganda, repítolle que elimine esta moción e que todos votemos por unanimidade que a ministra Ana Pastor e o goberno de Rajoy axilicen os trámites necesarios para que o AVE chegue a Vigo no menor prazo posible. A ver quen manipula e quen mente nesta Corporación.

SR. LÓPEZ FONT: A pesar de como expón as cousas o Partido Popular os socialistas nunca imos deixar de debater sobre un tema coma este e sobre unha infraestrutura tan importante.

A verdade, Sr. Figueroa, que a urxencia era cando Álvarez Cascos non atendía a Galicia; a urxencia era cando a Sra. Porro aceptou a "L"; e a urxencia era cando o 12 de abril, por declaración de representantes de Convèrgencia i Unió, se atentaba contra o AVE de Galicia. Ese era o momento e foi no momento no que urxentemente o alcalde de Vigo contestou, tanto ao alcalde de Barcelona coma ao voceiro de Convèrgencia i Unió. Esixiu literalmente que retiraran todo o dito sobre o AVE porque agora é o momento de Galicia. De abril a outubro pasaron uns meses

como para que a urxencia xa se tivera dado.

A moción ten dúas partes moi diferenciadas. Unha é un cheque en branco aos presupostos que presentou o goberno e outra é a manifestación que insisto en que xa a fixo o alcalde o 12 de abril. Pero para nós é unha satisfacción que vostedes se incorporaran á petición do AVE.

É evidente que os socialistas foron os primeiros en solicitar o AVE a Galicia e especialmente o AVE directo Madrid-Vigo por Cerdedo. Nunca lle lembro a vostede facendo manifestación de apoio ao AVE Vigo-Madrid por Cerdedo. Vostedes como partido político aceptaron as propostas de Álvarez Cascos; a Sra. Porro aceptou literalmente o "L" que lle impuxo o Sr. Fraga e dende aí é de onde ven a cruz do AVE con relación a Galicia e a Vigo.

Quen colocou o debate e quen permite que vostede estea a presentar esta moción en relación co AVE directo Vigo-Madrid por Cerdedo foi o Sr. Caballero a principios do ano 2007. Non lembro a ninguén falar nese momento do proxecto, nin lembro a ninguén do Partido Popular manifestar apoio porque o tiñan abandonado. O que fixeron vostedes dende aquel intre só foi ruído sobre as datas sen importar o fondo. Pero como as carreiras son de fondo, os argumentos que realmente teñen peso na cidade acabaron impoñéndose. O alcalde fíxoo e nós recoñecemos o papel que está a xogar a ministra de Fomento, Sra. Pastor. É máis, naquelas infraestruturas como a estación e aeroportos nas que hai que facer certos axustes en canto aos investimentos, nós estamos de acordo. Pero nós, Sr. Figueroa, neste momento seguimos a reivindicar o que o Sr. Caballero reivindicou a principios de 2007: o AVE directo Madrid-Vigo por Cerdedo.

Nese sentido solicitamos unha aceleración do proxecto, pedimos que non quede este proxecto en concreto nun caixón porque ata a chegada ao goberno do Partido Popular o estudo informativo estaba na súa finalización e agora vostedes enredáronse no tema de avaliación medioambiental e, aproveitando a súa moción, esiximos que non haxa atrasos sobre este proxecto, que haxa un impulso decidido. Isto sérveme, Sr. Figueroa, para entrar na diferenciación dos dous puntos que vostede propón na moción. Na primeira parte vostede pretende que deamos un cheque en branco aos presupostos que presentaron no Parlamento do Estado Español e nós estamos en desacordo. Parece mentira que a redacción que vostede presentou non o diga así porque o investimento para o AVE Madrid-Vigo por

Cerdedo é de 719.000 euros. Calcule vostede mesmo a porcentaxe que significan 719.000 euros sobre os 1.750 millóns que vostede citou. Con este ritmo de investimento e con esta porcentaxe tardaríamos mil anos ou máis en facer o AVE, non teño calculadora neste momento.

Conclúo: nós estamos en contra de todos aqueles que ataquen o AVE a Galicia, non o consentimos e insisto en que o alcalde foi o primeiro e de maneira moi decidida que saíu en defensa de Galicia e desta cidade, pero non estamos de acordo co proxecto de presupostos e teríanos gustado que vostede, no canto de redactar este texto da primeira parte da moción, dixera por exemplo que eran necesarios dez millóns de euros para dar un impulso definitivo ao AVE directo Madrid-Vigo por Cerdedo.

SR. FIGUEROA VILA: A nosa moción xorde porque o día 23 hai unha ofensiva dos cataláns na Unión Europea contra o AVE galego. Di “Os nacionalistas denuncian en dúas preguntas o investimento desta obra e piden dar prioridade ao corredor do mediterráneo”, por iso é oportuna a moción que presentamos.

Seguramente o BNG ten un problema de conciencia, como non vai ter se votou os presupostos de 2004 ata o 2008 en Madrid, votou co Partido Socialista porque sempre é cómplice e polo tanto para as boas e para as malas ten que ser responsable dos seus actos. Votou cinco presupostos a favor polo tanto a calar.

Non sei se vostedes saben onde nace o proxecto do AVE a Galicia: no plan Galicia. Agora que tentan volver *demonizar* ao Prestige outra vez, pois hai dez anos nace cun goberno do Partido Popular un plan que se chama “Plan Galicia” onde está incluído o AVE a Galicia. Nós nunca dixemos que no ano 2012 chegaría o AVE a Galicia e que se non era así alguén non se presentaría ás eleccións. Está nas hemerotecas.

O que si defendemos nós é que houbo unha ministra que se atopou con que dos 7.000 millóns de euros que se necesitaban para o AVE a Galicia só había pagados 550 e esa ministra desbloqueou o proxecto do AVE que estaba totalmente parado, a estación era inviable economicamente, non tiña estación intermodal, os presupostos non contemplaban as partidas necesarias para construír o AVE. Esa ministra en oito meses adxudicou no ano 2012, 1.750 millóns de euros para o AVE galego, catorce tramos de plataforma, dous tramos de vía, dous de enerxía e a

superestrutura do AVE Vigo-Soutomaior. Ademais tamén incluíu no plan de infraestruturas o corredor a través de Cerdedo. E por riba incluíu para o ano 2013, 1.100 millóns de euros. Isto quere dicir que a ministra que máis fixo en pouco tempo chámase Ana Pastor porque ten un compromiso con Vigo, porque é realista e porque está consignado nos presupostos do Estado e iso é o que presenta o Partido Popular.

Vostedes quedaron nas hemerotecas, no ano 2012, en non pagar o que tiñan contratado, en non contratar o que dixeran que ían contratar. Esa é a súa xestión e a súa responsabilidade. A nosa é que o AVE está aquí e que vai chegar a Galicia e a Vigo gracias a unha ministra chamada Ana Pastor, gústelles ou non. A nós si que nos gusta. Se queren miren esa obra na estación que está a comezar porque o Partido Popular si que ten compromiso con Vigo.

A PRESIDENCIA: Efectivamente a obra da estación está funcionando contratada polo anterior ministro de Fomento.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Cuestión de orde. Quero lembrarlle ao Sr. Figueroa que estamos en democracia e “a calar” me mandarán os cidadáns cando o crean oportuno. Aquí ninguén manda calar a ninguén.

En segundo lugar eu formulei unha emenda ao punto número 1 á que lle dou forma *in voce* para ver quen fai publicidade e quen non. Esa emenda que o BNG quere presentar é: “O Pleno do Concello manifesta que esiximos ao goberno central que axilice todos os trámites necesarios para que a chegada do AVE a Vigo por Cerdedo se realice nos prazos máis breves posibles.” Co punto dous non temos ningún problema en votalo tal e como está.

O relator da moción, Sr. Figueroa Vila, non acepta a anterior emenda polo que a Alcaldía-Presidencia non a somete a votación.

A PRESIDENCIA: Imos votar separadamente os dous puntos da moción.

SR. FIGUEROA VILA: Non aceptamos. Hai unha moción presentada e pedimos que se vote tal coma está. Se non a queren votar e problema de seu.

A PRESIDENCIA: O grupo Socialista imos votar a favor esta moción a pesar da chantaxe que está sometendo a este Pleno o Partido Popular porque imos votar un punto no que estamos completamente de acordo xunto con outro co que estamos completamente en desacordo. Obrígnanos a votar un punto co que estamos en desacordo por defender ao AVE de Galicia. Primamos a defensa do AVE de Galicia pero estamos en absoluto desacordo cos orzamentos que este ano se lle adican ao tren de alta velocidade Vigo-Madrid por Cerdedo. Por tanto imos votar a favor porque primamos a defensa do AVE a Galicia e ninguén nos vai quitar desa defensa por moito que o intente que é o que fai neste momento o Partido Popular.

VOTACIÓN E ACORDO: Con vintetrés votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, e tres abstencións dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo voceiro do Grupo Popular, Sr. Figueroa Vila, instando apoiar os investimentos previstos pola ministra de Fomento nos presupostos do Estado para o AVE e rexeitar as declaracións efectuadas por nacionalistas cataláns, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

PARTE DE CONTROL

1.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS ACORDOS OU RESOLUCIÓNS DOUTROS ÓRGANOS MUNICIPAIS OU DE INFORMES OU ESCRITOS QUE ASÍ O REQUIRAN.

1.1.- (227) DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas pola Alcaldía-Presidencia, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ao correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 20 de setembro 25 de outubro de 2012.

1.2.- (228) DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS.

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas polas concellerías delegadas, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ao correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 20 de setembro 25 de outubro de 2012.

2.- COÑECEMENTO DOS INFORMES CITADOS NO ART. 38.2.M.4º DO REGULAMENTO DO PLENO.

Non se presentaron.

3.- COMPARENCIAS DE MEMBROS DA CORPORACIÓN.

Non se realizaron.

4.- MOCIÓNS.

4.1.- (229) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR INSTANDO AO GOBERNO DE VIGO UN SISTEMA DE SINALIZACIÓN DEFINIDO. EXPTE. 538/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 17 de outubro, número 538/1101, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Álvarez Pérez, formula a seguinte moción:

“Como xa se mencionou en varias ocasións, o turismo en Vigo é un estímulo para a economía da nosa cidade e un importante apoio ao comercio e ao sector de hostalería.

A nosa cidade ten recibido un gran número de visitantes, que en gran parte acceden a ela usando o coche ou a través do porto, por iso temos visitantes de dous tipos: peóns que chegan a través do porto e visitantes que chegan en coche.

A sinalización, tanto de tráfico como de peóns, tornouse, non só na nosa cidade senón en calquera outra, nun elemento básico para orientar ao turista de forma eficiente por rutas turísticas e puntos de interese que se consideren axeitados.

Tanto a falta dun formato único de sinalización en Vigo como a súa falta de conservación, recentemente denunciada por un estudo da Cámara de Comercio de Vigo, causa trastornos e inconvenientes aos turistas que deben ser corrixidos inmediatamente. Do mesmo xeito a ausencia de rutas definidas, primarias ou secundarias, vese gravada por unha clara superposición de indicadores de diferentes períodos, estilos, formatos e linguaxes.

Tampouco se actualiza a sinalización de determinadas rutas ante os continuos cambios circulatorios aos que estamos afeitos co goberno municipal ou o cambio de localización de determinadas infraestruturas.

Por non comentar tamén a falta de sinalización integrada de aparcadoiros públicos, onde se deu prioridade á humanización das rúas, deixando á capacidade do condutor a súa habilidade para aparcar o coche.

Ou o caos e a falta en relación á sinalización de puntos de interese cultural na nosa cidade e a falta de taboleiros de información para os peóns.

Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular, propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Instar o Concello de Vigo a:

- 1.- Establecer un sistema de sinalización con regras definidas para garantir a continuidade dos sinais e a súa consistencia, tanto en contido como en formato.
- 2.- Propoñer instrumentos de cooperación e coordinación coas diferentes administracións públicas para garantir a correcta integración da sinalización.
- 3.- Subsanan inmediatamente todos aqueles sinais deteriorados, xa ben polo paso do tempo ou por outras causas.
- 4.- Subsanan a escasa sinalización dos recursos culturais.
- 5.- Subsanan a case inexistente sinalización con información integrada sobre os aparcadoiros públicos.
- 6.- Establecemento de rutas prioritarias para garantir a continuidade e consistencia da sinalización e, así, eliminar posibles confusións causadas por recomendacións conflitivas.
- 7.- Instalación de taboleiros de información e de sinalización axeitada para os

peóns.”

A comisión informativa de Xestión Municipal e Mobilidade, na súa sesión do día 22 de outubro, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. ÁLVAREZ PÉREZ: Como xa se mencionou varias veces e coido que non hai ningunha dúbida ao respecto, o turismo en Vigo é un estímulo vital para a economía da nosa cidade e un importante apoio ao comercio e ao sector de hostalería. A nosa cidade ten recibido un gran número de visitantes, que en gran parte acceden a ela usando o coche ou a través do porto de xeito que temos visitantes de dous tipos: os que chegan en coche ou os peóns que percorren a cidade.

A sinalización, tanto de tráfico como de peóns, tornouse, non só na nosa cidade senón en calquera outra, nun elemento básico para orientar ao turista de forma eficiente por rutas turísticas e puntos de interese que se consideren axeitados.

Sen embargo é habitual ver aos turistas dando voltas en coche ou totalmente perdidos cando van a pé, buscando algo que ver ou tentando localizar un museo ou monumento ao carecer Vigo da sinalización axeitada. Nin sequera está sinalizado o bus turístico polo que é habitual ver ao turista buscando a parada en Policarpo Sanz.

Tanto a falta dun formato único de sinalización en Vigo como a súa falta de conservación, causa trastornos e inconvenientes aos turistas que deben ser corrixidos inmediatamente. Do mesmo xeito que a ausencia de rutas definidas, primarias ou secundarias, vese gravada por unha clara superposición de indicadores de diferentes períodos, estilos, formatos e linguaxes. Hai que axudar ao turista, guíalo, que se sinta arroupado.

Tampouco se actualiza a sinalización de determinadas rutas ante os continuos cambios aos que estamos afeitos co goberno municipal ou o cambio de localización de determinadas infraestruturas. É increíble que convivan dúas sinalizacións con dúas situacións diferentes dende hai máis dun ano para chegar á nova estación do tren.

Por non comentar tamén a falta de sinalización integrada de aparcadoiros públicos, onde se deu prioridade á humanización das rúas, deixando á capacidade do

condutor a súa habilidade para aparcar o coche, porque a día de hoxe non hai ningunha sinalización integrada con información en tempo real como hai en moitas cidades, coa posibilidade de poder ver a dispoñibilidade e ocupación dos aparcadoiros. Por que Vigo non se merece iso? Por que se abandona desa forma? Ou o caos e a falta de sinalización de puntos de interese cultural na nosa cidade e a falta de taboleiros de información para os peóns. Canto tempo máis imos esperar tendo aos nosos turistas perdidos na procura de cousas? Por que non se indican as principais zonas comerciais da nosa cidade? É así como se apoia ao comercio? En moitas cidades atópanse taboleiros de información cara ao peón, taboleiros interactivos que permiten obter información de hoteis, de restaurantes, realizar reservas, localizar zonas comerciais, establecer rutas, localizar monumentos, museos... Saben vostedes da importancia para o turista da existencia de mapas de situación para o peón? Calquera cidade que se prece está inundada deste tipo de información. Que queren? Botar ao turista desta cidade e que non volva?

Deseguido o concelleiro do Grupo Popular, Sr. Álvarez Pérez, procede a ler o texto da parte dispositiva da moción que se transcribe nos antecedentes.

SRA. VELOSO RÍOS: Evidentemente nós non nos imos opoñer a que se mellore a sinalización desta cidade porque é unha necesidade. O que si nos gustaría sería engadir un punto máis aos propostos polo Partido Popular que son suficientemente detallados.

Gustaríanos propoñer engadir un punto 8º que diga: “Instar ás distintas administracións responsables da sinalética da cidade á correcta colocación e mantemento dos sinais garantindo sempre por parte de todas elas o cumprimento do Plan xeral de normalización da lingua galega, especialmente no que atinxe ao uso dos topónimos oficiais”.

Quero lembrar que non só hai sinais do Concello de Vigo na cidade, tamén hai sinais provinciais ou estatais. Tamén que o Plan xeral de normalización da lingua galega fai referencia explícita á sinalética e desgraciadamente seguimos a atopar algúns sinais dependentes doutras administracións que utilizan topónimos que non son os oficiais segundo a lexislación autonómica.

SR. LÓPEZ FONT: Sr. Álvarez, estou de acordo con vostede co tema do turismo e a verdade é que foi unha mágoa que as mil cincocentas persoas que formaban parte da comitiva da Volta Ciclista non tiveran a opción de buscar nin hoteis nin restaurantes na cidade Vigo e con isto se demostra o que vostedes apoian o turismo.

Esta moción ten moito de aproveitar o traballo dos demais sen sequera recoñecer a orixe dese traballo. Isto é habitual no Partido Popular, é totalmente certo e tampouco coido que vaian cambiar agora que as cousas en políticas vanlles bastante peor en Vigo.

Tamén coido que lles falta un pouco de autocrítica por non se ter realizado estas cuestións anteriormente dende o goberno municipal. E dende logo falta autocrítica en que cando se fai louvanza á cooperación entre administracións, vostedes non son quen máis poden presumir porque temos moi recente a mentira sobre o investimento no Rexistro Civil do outro día da Consellería da Presidencia.

Digo todo isto porque parece que un concelleiro do Partido Popular ergueuse unha mañá, deuse de conta que había unha mala sinalización e decidiu traer unha moción a este Pleno. Pois lle teño que dicir que o 25 de abril, un concelleiro deste goberno, o Sr. Escudero, mantivo unha reunión na que propuxo a realización deste estudo. Coido que do que non hai que se esquecer é de todos os que gobernaron e tiveron responsabilidades nesta área en gobernos anteriores porque a situación na que estamos é un cúmulo de situacións erróneas anteriores.

A Sra. Porro non tiña unha marabillosa sinalización nesta cidade que chegamos os seguintes gobernos e rachamos con ela. Non tiña unha boa sinalización e por iso neste tema é como no resto, Sr. Concelleiro. O primeiro día de alcalde do Sr. Caballero todo estaba por facer.

É certo e é lóxico que á vista do bo rendemento que deu este goberno se nos esixa. É certo que coa boa valoración que ten este goberno se nos pida que as cousas as fagamos rápido. É verdade que en sinalización nesta cidade hai moito que facer e por iso, unha vez que dende este grupo municipal se ten a responsabilidade en Turismo, compartida tamén con Cultura e coa concellería de Mobilidade, o alcalde encargou o 25 de abril, como lle comentei anteriormente, que este tema se modificase, se actualizase e se deixase nos niveis idóneos.

Cando dixen anteriormente que estaba todo por facer cando chegamos ao goberno,

é absolutamente certo. A Sra. Porro dicía que humanizara rúas e os cidadáns hoxe non son quen de dicir que rúas humanizou a Sra. Porro. Si é certo que se humanizaron trescentas. Eu oín dicir ao Sr. Figueroa que o saneamento nesta cidade no ano 2007 estaba todo solucionado e os seguintes concelleiros de Vías e Obras e de Fomento non paran en resolver os problemas que deixaron.

Sr. Álvarez, voulle dar unha gran noticia en relación coa súa moción. Co traballo que lle encargou o alcalde ao concelleiro de Turismo e ao resto dos concelleiros que temos que ver con este tema, cando remate o mandato imos facer unha modificación e unha actualización total da sinalización nesta cidade.

É certo que son moitos os aspectos e que a colaboración institucional débese manter pero nese sentido eu solicítolle apoio, pero apoio sincero, de que Xunta de Galicia e a Deputación Provincial de Pontevedra colaboren con este Concello porque insisto en que o comezo do traballo, como ben recoñece o presidente da Cámara de Comercio de Vigo en escrito dirixido en setembro ao concelleiro de Turismo deste Concello, iniciouse o 25 de abril.

Sabemos que este é un tema que ven de atrás, ao que temos que dar unha solución dende todas as concellerías porque é un traballo conxunto deste goberno e estou seguro de que cando remate este mandato poderá presumir dunha sinalización correcta.

SR. ÁLVAREZ PÉREZ: Non hai problema en aceptar a emenda do BNG.

Sr. Font, empezou falando da Volta Ciclista. Que xestións fixo o Concello de Vigo en canto á Volta Ciclista. Vou enumeralas: retirar os letreiros dando publicidade á Volta. Iso é promocionar o turismo da cidade? Para vostedes non pasou pola cidade, non lles interesou, estaban eliminando letreiros anunciando a Volta Ciclista. Si que promocionamos ben a cidade e o turismo, Sr. Font.

Fala de que non se fixo nada noutros goberno; é que vostedes levan cinco anos gobernando. Cantos necesitan para cambiar a sinalización desta cidade? Non existe a praza de América dende hai cinco anos? Porque alí practicamente non hai ningunha sinalización. A estación do tren xa hai máis dun ano que está a nova estación. Por que segue existindo a sinalización antiga? Beiramar non pertence a Vigo? Parece que non. Como pode ser que non se faga nada para remediar os sinais deteriorados dende hai bastante tempo?

Din que propoñen pero non lles vexo facer absolutamente nada. Vostedes o único que fixeron, cando din que construíron Vigo, foi inaugurar as obras que fixemos nós, que fixo a Sra. Porro na súa época de alcaldesa. Inauguraron aparcadoiros, obras, o auditorio... O único que souberon facer foi copiar o modelo que nós empezamos, o que pasa é que naquel momento humanizar rúas si era conveniente e vostedes non saben facer outra cousa.

Agrádame que teñamos que ser nós quen provoquemos un cambio de conciencia e de sinalización nesta cidade.

Emenda formulada pola concelleira do Grupo municipal do BNG, Sra. Veloso Ríos, por escrito de data 26 de outubro:

Engadir un apartado 8 ao texto da moción co seguinte contido:

Instar ás distintas administracións responsables da sinalética da cidade á correcta colocación e mantemento dos sinais garantindo sempre por parte de todas elas o cumprimento do Plan xeral de normalización da lingua galega, especialmente no que atinxe ao uso dos topónimos oficiais.

(Na votación da emenda están ausentes os concelleiros do Grupo Popular, Sres. Fidalgo Iglesias e Figueroa Vila, e a concelleira do Grupo Socialista, Sra. Silva Rego)

VOTACIÓN DA EMENDA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO DO BNG, SRA. VELOSO RÍOS: Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, apróbase a emenda presentada pola concelleira do Grupo do BNG, Sra. Veloso Ríos, co texto transcrito anteriormente.

(Na votación está ausente o concelleiro do Grupo Popular, Sr. Figueroa Vila, e a concelleira do Grupo Socialista, Sra. Silva Rego)

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito,

ACORDASE:

Primeiro.- Establecer un sistema de sinalización con regras definidas para

garantir a continuidade dos sinais e a súa consistencia, tanto en contido como en formato.

Segundo.- Propoñer instrumentos de cooperación e coordinación coas diferentes administracións públicas para garantir a correcta integración da sinalización.

Terceiro.- Subsanan inmediatamente todos aqueles sinais deteriorados, xa ben polo paso do tempo ou por outras causas.

Cuarto.- Subsanan a escasa sinalización dos recursos culturais.

Quinto.- Subsanan a case inexistente sinalización con información integrada sobre os aparcadoiros públicos.

Sexto.- Establecemento de rutas prioritarias para garantir a continuidade e consistencia da sinalización e, así, eliminar posibles confusións causadas por recomendacións conflitivas.

Sétimo.- Instalación de taboleiros de información e de sinalización axeitada para os peóns.”

Oitavo.- Instar ás distintas administracións responsables da sinalética da cidade á correcta colocación e mantemento dos sinais, garantindo sempre por parte de todas elas o cumprimento do Plan xeral de normalización da lingua galega, especialmente no que atinxe ao uso dos topónimos oficiais.

4.A. MOCIÓNS URXENTES

Non se presentaron

* ROGO DA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SRA. VELOSO RÍOS, RELATIVO ÁS ALUSIÓNS PERSOAIS AOS MEMBROS DA CORPORACIÓN.

SRA. VELOSO RÍOS: Aproveito o punto de rogos para facer o rogo aos concelleiros e concelleiras do Partido Popular de que fagan súa a petición de non facer alusións persoais como por exemplo nalgunha ocasión nos ten lembrado a Sra. Egerique ou hoxe mesmo o Sr. Pérez Davila que nos pedía que non se fixeran alusións persoais. Do mesmo xeito tamén lamento que o Sr. Araújo fixese alusións persoais dicindo no debate que desexaba que nunca tivese un fillo con necesidades especiais, que non tivese un problema. Paréceme totalmente fóra de lugar, sinceramente eu

persoalmente a vostede non lle desexo nada, nin bo nin malo. Estamos aquí para falar de política. Non necesito ter un problema persoal para defender como política que representa aquí á cidadanía algo que me parece xusto.

E non quero facer ningunha alusión persoal nunca aos fillos ou ás fillas de ninguén. Por iso pregaríalle que por favor tivese coidado con ese tipo de declaracións porque coido que non son oportunas. Teño un fillo e unha filla e, como calquera, espero que non lles pase nunca nada.

Tamén é certo que, por exemplo, cando falo de necesidades educativas especiais sei do que falo porque teño un fillo con trastorno espectro autista e non por iso defendo que teñan que ter apoios, pero sei moi ben que non os están a ter. A el mesmo acaban de retirarlle todas as terapias do Sergas e sei o que está a pasar nos centros educativos.

Pero esa non é a cuestión, eu non estou aquí como política para defender os dereitos dos meus fillos, senón de todos os nenos e nenas deste país e nunca lle desexarei nada, nin bo nin malo, persoalmente a ningún de vostedes.

SR. ARAÚJO PEREIRA: Sra. Veloso, desculpe porque se entendeu iso non foi realmente o que dixen. Indubidablemente nunca me vou meter a nivel persoal neste Pleno con nada que teña que ver cos concelleiros ou presentes no Pleno porque non é o meu labor senón o que pretendo é defender o ben público.

O que si maticei foi que é verdade que certos coñecementos a nivel xeral en temas de prevención das emerxencias, primeiros auxilios ou seguridade vial son fundamentais para a primeira actuación antes que cheguen os profesionais e poden salvar vidas. Cando fago referencia poden ser os teus fillos ou os meus; é verdade que se non teño a ninguén que saiba diso e a algún dos meus fillos lle ocorre algunha desgracia deste tipo, si me gustaría que a xente que teña arredor tivese este tipo de coñecementos.

- * ROGO DO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR. ALONSO PÉREZ, SOLICITANDO SE RESPONDA POR ESCRITO ÁS DEMANDAS PRESENTADAS POLOS VECIÑOS DE TEIS E ZAMÁNS REFERENTES AO SERVIZO DE VITRASA AO MEIXOEIRO.

ALONSO PÉREZ: Rogo ao goberno que estude e responda ás demandas presentadas por escrito e por Rexistro polas Asociacións de Veciños de Teis e de Zamáns referidas á comunicación por transporte público entre ás súas parroquias e o hospital do Meixoeiro en determinados horarios e días da semana.

O servizo hospitalario é un servizo imprescindible para a cidadanía a non se pode permitir que queden parroquias incomunicadas con ese hospital en determinados días e horas da semana.

Hai unha petición deses veciños por escrito que rogo se estude e se responda.

A PRESIDENCIA: Gracias Sr. Alonso. Xa se está a estudar.

* ROGO DO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA, RELATIVO ÁS OBRAS DE HUMANIZACIÓN NO CONTORNO DO MERCADO DE TEIS.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: O meu rogo ten que ver coas humanizacións que cando se fan non só hai que ir visitalas, como dicía o luns pasado, senón que tamén hai que escoitar para que esas humanizacións impliquen melloras reais para todo o contorno. Refírome concretamente ao problema que está a acontecer nestes momentos no contorno do mercado de Teis e que falando con veciños e mesmo con comerciantes, porque a nós nos preocupa o pequeno e o mediano comercio, non entenden como logo da humanización feita en Sanjurjo Badía se lles quita a parada do autobús que estaba xusto a carón da entrada principal do mercado, co que os veciños e veciñas teñen que dar unha volta enorme para se achegar ao mercado. Tampouco entenden por que se prohíbe a circulación en sentido descendente cara ao mercado porque repito que é a entrada principal e calquera vehículo para carga e descarga e mesmo particular, ten que dar toda unha volta para poder achegarse ao mercado de Teis.

Coido que a solución é ben fácil: manter a parada de autobús tal coma estaba e permitir nese tramo tan pequeno o descenso dos vehículos. Penso que é unha solución ben doada de facer e por iso rogo ao concelleiro encargado que estude

esta rectificación.

A PRESIDENCIA: No día de onte o concelleiro estivo reunido coa asociación de comerciantes e con veciños da zona na procura de solución a este problema que coido que neste intre xa está encamiñada. De todos os xeitos en canto se aprobe esa solución, terá coñecemento da mesma.

* ROGO DO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, SR. FIDALGO IGLESIAS, RELATIVO Á ILUMINACIÓN DOS CEMITERIOS MUNICIPAIS.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Nas nosas visitas ao rural comprobamos que veciños, sobre todo de parroquias como Valladares, Candeán, etc., nos piden que fagamos todo o posible para que o Concello de Vigo non apague a luz pola noite nos cemiterios desas zonas. Parece que ser que dende hai dous meses están apagando as luces en determinados cemiterios e quero lembrarlles que mañá é o día de Todos os Santos, pasado mañá é o día dos Defuntos e polo menos en determinadas datas de máis afluencia de vigueses e viguesas aos cemiterios da cidade, que o horario de iluminación dos cemiterios sexa maior.

A PRESIDENCIA: Os cemiterios teñen luz todo o tempo en que están abertos. En todo caso verase este tema.

6.- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

Non se formularon.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás dez horas e corenta e cinco minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv/rs.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.